

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1314).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de novembro, extraordinaria e urxente do 10 de novembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1315).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidas polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expte. 9288/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 378/2015 P.A. Demandante: CESPAS S.A. Obxecto: Resolución do 26 de maio do 2015, responsabilidade patrimonial administrativa, imputación á concesionaria (caída o 30.06.2013 na alameda de Bouzas). Desestimado o recurso.

b) Expte. 8490/111. Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4071/2015 interposto polo CONCELLO DE PORRIÑO contra Sentenza desestimatoria do X. Contencioso Administrativo en relación con liquidacións por subministración de auga potable (marzo -agosto 2013). Desestimado o recurso de apelación.

c) Expte. 8503/111. Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4070/2015, interposto polo CONCELLO DE PORRIÑO contra Sentenza desestimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo en relación con liquidacións por subministración de auga en alta set-dec 2013. Desestimado o recurso.

d) Expte. 9396/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 430/2015 P.A. Demandante: D. GABRIEL SOTO TOURIÑO. Obxecto: Resolución do 3 de xullo do 2015, reclamación de responsabilidade patrimonial administrativa, caída na vía pública o 30 .08.14. Destimado o recurso.

e) Expte. 7955/111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 84/2013 P.O. (e 85/2013 P.A. acumulado). Demandante: APARCAMIENTOS I.C. GOMEZ ULLA S.L. Obxecto: "Resolución" do 17.01.13 e XGL 2.11.12. Ordes de Execución praza cuberta aparcadoiro da r/Coruña. Desestimento da demandante.

f) Expte. 9136/111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 207/15 P.A. Demandante: D. DAVID GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 2 de febreiro do 2015 (en reposición). Sanción tráfico, art. 12.1 TRLT e SV. Declara rematado o procedemento por perda sobrevida do seu obxecto.

g) Expte. 9412/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 482/2015 P.A. Demandante: C.P. TOMÁS ALONSO Nº 148. Obxecto: Responsabilidade patrimonial administrativa, asolagamentos nos sotos por choivas. Desestimado o recurso.

h) Expte. 9202/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 232/15 P.A. Demandante: D. BERNARDO FERNÁNDEZ TRAVIESO. Obxecto: Resolución do 10 de marzo do 2015 (en reposición), responsabilidade patrimonial administrativa por asolagamento do soto na r/Urzaiz nº 71 e 73 (obras de humanización). Desestimado o recurso.

i) Expte. 9417/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 417/15 P.A. Demandante: D. MANUEL ESTÉVEZ MOLARES.

Obxecto: Resolución do Trib. Econ. Admtvo. do Concello de Vigo do 30 de abril do 2015. Solicitud de devolución IVTM 2001-2012. Desestimado o recurso.

k) Expte. 9391/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo RC-A nº 474/2015 P.A. Demandante: D. GUILHERME VINICIUS GALLAN. Obxecto: Resolución do 2 de xullo do 2015, responsabilidade patrimonial administrativa, caída de ciclomotor na Avda. Castela o 9 de marzo do 2014. Desestimado o recurso.

l) Expte. nº 9418/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 414/2015 P.A. Demandante: D^a. M^a DEL CARMEN CARBALLIDO GIL. Obxecto: Resolución do 12 de maio do 2015. Sanción tráfico: estacionamento en zona reservada para minusválidos. Estimado o recurso.

m) Expte. 9426/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 449/2015 P.A. Demandante: ANA MARÍA PIÑERIO LÓPEZ. Obxecto: Resolución do 13 de xullo do 2015, responsabilidade patrimonial administrativa, caída na vía pública o 29 do 9 do 2014 no barrio histórico. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1316).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL” (CIIES). EXPTE. 116851/301.

Visto o informe de fiscalización do 20.11.15, e a ampliación de informe, do 19.11.15, co xefe da Área de Benestar Social, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, do 18.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de área de Benestar Social, a concelleira-delegada da área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou en sesión do 30.11.2011 aprobar a proposta de cesión temporal ó Concello de Vigo dos bens patrimoniais da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola», ofrecida no documento asinado polo Presidente do Padroado desa Fundación no que se daba conta do acordo adoptado en tal sentido o 17.11.2011 e das condicións particulares que rexerían a mesma, que alí se describían polo miúdo e que foron puntualmente cumpridas por esta Administración.

I.2. De acordo cos termos daquel acordo do Padroado, esa cesión de uso ó Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” efectuouse por un prazo de dous (2) anos, prorrogables tacitamente de non mediar denuncia por calquera das partes con seis (6) meses de antelación. Con todo, e a pedimento formal do Concello, o Padroado da Fundación acordou, na súa reunión

do 16.10.2013, ampliar a cesión inicial por un periodo de cinco (5) anos máis, prorrogable por periodos iguais, contado desde o 01.01.2014.

Consta no expediente nº 69737/301 oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado de data 31.01.2014 (Rexistro xeral do 05.02.2014; doc. nº 140015159) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular, que foi aceptado nos seus propios termos pola XGL o 21.02.2014.

Así, pois, está garantido durante toda a vixencia deste contrato o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da "Casa do Pescador" da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos acordados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola», aceptados polo Concello. O que se fai constar para dar cumprimento ó sinalado sobre o particular no informe da Intervención xeral municipal do 27.06.2012 (Exp. nº 71394/301).

I.3. O Concello de Vigo asumiu directamente a xestión desas instalacións desde a sinatura da Acta de recepción e a XGL, na súa sesión ordinaria do 02.11.2012, acordou adxudicar á entidade "Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L." o contrato de servizos do Albergue – CIIES, por un prezo de 1.302.968,65 € (IVE incl.) e coas prestacións adicionais que no mesmo se relacionaban (Exp. nº 71394/301; BOP nº 37, do 21.02.2013).

I.4. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 28.11.2012, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.5. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.6. No Exp. nº 100909/301 (2014) tramitouse polo Servizo de Benestar Social a 1ª prórroga deste contrato, que foi acordada expresamente pola XGL na súa sesión do 28.11.2014 por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2014 ata o 30.11.2015, autorizando para estes efectos un gasto de 664.676,89€ imputable á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.13.

I.7. De acordo co exposto, o acordo municipal autorizando a 2ª prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.8. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 116851/301/301 (2015) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política Social do 10.11.2015, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil "ASEM Grupo 5, S.L." e do Prego de cláusulas administrativas particulares (parte).
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 16.11.2015 (doc. nº 150146352) polo representante de "ASEM Grupo 5, S.L.", D. Tomás Merín Cañada, manifestando a súa conformidade coa prórroga proposta.
-

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RD.Lex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Regulamento de Réxime interior do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo (AI e AD, Pleno 05.08.2013; BOP nº 228, do 27.11.2013).
- Bases de execución do Orzamento xeral 2015 – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avalia-

ción, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

III.1.3. Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

III.1.4. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.2. PRÓRROGA (2ª) DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrència a realización daquelas.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrència para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.2. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.3. O contrato formalizado con “ASEM Grupo 5, S.L.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio (01.12.2012). Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. A primeira delas foi xa acordada, para o período 01.12.2014 – 30.11.2015, pola XGL o 28.11.2014.

III.2.4. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social, que é a quen lle corresponde a dirección técnica do CIIES (Art. 8 Regulamento CIIES), como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

II.2.5. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 28.11.2012, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.

Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 29 PCAP e 3.J FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

III.2.6. O gasto representado por esta prórroga, que é de 662.416,99 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 dos vixentes orzamentos municipais.

III.2.7. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.8. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

IV. CONCLUSIÓN

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 28.11.2012 polo Concello de Vigo coa entidade "Atención Social en Emerxencias Grupo 5, S.L.", toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01/12/2015 ata o 30/11/2016, o contrato de servizos do "Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social" (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 02.11.2012 á entidade "Atención Social en Emerxencias Grupo 5, S.L." (CIF nº B-85595239), formalizado en documento administrativo o 28.11.2012, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares, e facendo constar que as melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, enumeradas no contrato, seguen a operar no período da prórroga.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 662.416,99 € que representa esta segunda prórroga anual a favor de "Atención Social en Emerxencias Grupo 5, S.L.", que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.13, correspondendo 55.201,41 € ó exercicio de 2015 e 607.215,58 € ó de 2016.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1317).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO NEGOCIADO PARA A ENAXENACIÓN DE 227 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 5276/241.

Dáse conta da proposta do 24.11.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación:

A mesa de Contratación celebrada o 24 de novembro de 2015 acordou:

7.- Proposta de Clasificación.

- a) *procedemento aberto para a contratación da subministración dun vehículo autobomba sen dotación. (expediente 3883-113).*
- b) *Procedemento negociado para a enaxenación de 227 vehículos para chatarra. (expediente 5276-241)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado para a enaxenación de 227 vehículos para chatarra. (expediente 5276-241)” no seguinte orde decrecente:

- 1) LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.: 45.377 euros.*
- 2) JOSE LUIS LORENZO PENIDO: 36.660 euros.*
- 3) DESGUACES PEINADOR, S.L.: 28.315 euros.*
- 4) SANTORUM & MARTINEZ, S.L.:15.000 euros.*
- 5) MARINO BERRIO, S.L. : 8.800 euros.*

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, LAJO Y RODRIGUEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*
- Constituír a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE)*
- Documentación recollida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1318).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS. EXPTE. 17066/332.

Visto o informe de fiscalización do 20.11.15, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación celebrada o 03 de novembro de 2015 acordou:

8.- Proposta de adxudicación.

a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 29 de setembro de 2015, de “Excluír aos licitadores que se relacionan a continuación en cada un dos lotes seguintes por non acadar a puntuación mínima esixida para os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, que é de 15 puntos”.

- *Lote 1: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN) e ANA NAYA GARCIA, S.L.*
- *Lote 2: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN) e ANA NAYA GARCIA, S.L.*
- *Lote 3: FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES (FESAN), ANA NAYA GARCIA, S.L. e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332)” no seguinte orde decrecente:

LOTE 1: XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA-LAVADORES”

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliábeis mediante fórmulas	TOTAL
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	75,00	99,25
AURORA, PILAR Y ANA SL	18,50	72,26	90,76

PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	66,66	84,16
CLECE SA	23,75	31,37	55,12

LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL COSTEIRA-SAIÁNS

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliáveis mediante fórmulas	TOTAL
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	75	99,25
CLECE SA	23,75	65,06	88,81
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	66,15	83,65
AURORA, PILAR Y ANA SL	18,50	57,65	76,15

LOTE 3 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA-TEIS

Empresa	Criterios ponderables mediante xuízos de valor	Criterios avaliáveis mediante fórmulas	TOTAL
AURORA, PILAR Y ANA SL	18,50	75,00	93,50
COLEGIO LOS MILAGROS SL	24,25	67,33	91,58
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	17,50	70,42	87,92
CLECE SA	23,75	50,16	73,91

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., respecto dos lotes 1 e 2 e AURORA, PILAR Y ANA SL, respecto do lote 3 para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra a totalidade das actividades da escola por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Póliza do seguro de danos por sinistros do edificio, por un importe mínimo de 600.000 €.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 245,37 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación por cada un dos lotes”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar, , COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., respecto dos lotes 1 e 2 e AURORA, PILAR Y ANA SL, respecto do lote 3 o día 19 de outubro de 2015, que presentan a documentación requirida en data 28 e 29 de outubro respectivamente, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 03 de novembro de 2015 se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Adxudicar os lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332) a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., por un prezo de 747.600 euros para cada un dos lotes e comprométese a realizar 5 visitas didácticas anuais por escola e 10 actividades de escola de pais anuais por escola .

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º Adxudicar o lote 3 (escola infantil Atalaia Teis) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332) a Aurora, Pilar y Ana, S.L., por un prezo de 703.956 euros e comprométese a realizar 5 visitas didácticas anuais e 10 actividades anuais de escola de pais por escola .

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1319).- RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DE OBRAS DE “REFORMA DA CUBERTA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS. FASE 1”. EXPTE. 5413/241.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación, do 20.11.15, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

–Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma da cuberta de río e consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1” (PCAP).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de xullo de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto para as “Obras e reforma de cuberta da grada de río e consolidación estrutural no estadio de Balaídos - Fase 1” (expediente 2670/443), cun orzamento base de licitación máis IVE, dun MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (1.680.000 €).

Segundo.- En data 5 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación para a contratación por procedemento aberto das obras de “Reforma da cuberta de río e consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1” e iniciar a licitación do mesmo.

Terceiro.- En data 12 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou “Adxudicar á U.T.E. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440) por un prezo de 1.136.016 euros (IVE engadido)”, formalizándose o contrato en data 15 de decembro de 2014.

Cuarto.- En data 15 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o “PLAN DIRECTOR DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTBOL DE BALAIOS, redactado polo Arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, coa finalidade de servir de referencia as actuacións para a súa remodelación e modernización”.

Quinto.- En data 20 de decembro de 2014 asínase a acta de comprobación do replanteo por D. Alvaro Crespo Casal, en representación do Concello de Vigo na súa calidade de responsable do contrato, e por D. Jaime M. Alvariñas Villanueva en representación da UTE adxudicataria. No entanto, postergase o inicio da obra ata o nomeamento da dirección facultativa e o Plan de Seguridade e Saúde. Unha vez nomeados directores facultativos da obras os técnicos municipais D. Alvaro Crespo Casal e D. Aurelio Adán Fernández, e aprobado o Plan de Seguridade e Saúde, en resolucións da Xunta de Goberno Local de datas 13 e 20 de xaneiro de 2015, respectivamente; en data 22 de xaneiro do mesmo ano asínase un anexo á acta de comprobación de replanteo polos Directores facultativos da obra en representación do Concello, e por D. Jaime M. Alvariñas Villanueva en representación da UTE adxudicataria, e fíxase como data de inicio das obras o día seguinte, 23 de xaneiro de 2015.

Sexto.- En data 19 de marzo de 2015, a dirección facultativa informa de problemas estruturais da cuberta, e propón o inicio dun expediente de modificación do contrato. Se reproduce a continuación devandito informe:

“Tralo replanteo da obra e o inicio da valoración das actuacións a executar no ámbito da cuberta da grada de Rio, e realizados as comprobacións in situ, así como o análise das propostas contempladas no proxecto para a execución das actuación de colocación dunha nova cuberta dedúcese as seguintes observacións técnicas:

- A través dun análise directo sobre a propia estrutura tubular que soporta a cuberta, detéctanse algúns puntos de unión nun estado de esgotamento estrutural importante. Polo tanto e necesario a realización dun novo estudo sobre os rendementos estruturais da cuberta, motivado pola aparición de estas novas patoloxías na celosía da mesma, o que indica a necesidade de adecuar a actuación na cuberta en base a :
 - Realizar un reforzo da estrutura que soportará a cuberta, co obxectivo de minimizar os esforzos que a nova cuberta transmitirá a celosía tubular existente.
 - Atopar unha solución técnica para a utilización dun novo material para a propia cuberta que teña unha maior capacidade estrutural.
 - Reforzar os puntos de anclaxe da celosía tubular a propia grada de Rio.

Polo exposto as patoloxías descritas, así como a adecuación estrutural da cuberta coa adaptación lineal que define o propio plan director do estadio de balaidos, levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto inicial para a cuberta, optando por novas unidades que se adecúen as necesidades do pechamento da cuberta para o reforzo das inercias que xerará dita cuberta.

As citadas modificacións suscitadas están recollidas como posibles no Prego de Cláusulas Administrativas da obra, aprobado pola XGL en sesión do 05/09/2014. O PCAP estipula a opción para a modificación do proxecto no apartado 15 das FEC e de forma expresa (apartado 15.b das FEC) en relación coas unidades de obra relacionadas coa reparación estrutural de formigón e as unidades relacionadas coa cuberta.

As circunstancias que determinarán a posibilidade do modificado, de acordo co recollido no apartado 15.c das FEC, enmarcase entre outros asuntos “na aparición de patoloxías na celosía

metálica de cuberta que requiran modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de inercias ou por peso do material de pechamento”.

Polo exposto no informe técnico, as variacións con respecto ao proxecto aprobado, que motivan esta proposta, resúmense na modificación das unidades de obra vinculadas co cambio da cuberta prevista, polo cal, introdúcense novas unidades de obra que se corresponden coas que realmente se teñen que executar, e por outro lado procedese a eliminación das unidades de obra que non se van a executar.

Os prezos contraditorios que propoñerá a dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do Proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e aos custos indirectos dos prezos descompostos.

As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas pola aparición de patoloxías na celosía metálica de cuberta que requiren modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de inercias. Así mesmo considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente .

As modificacións que se plantean non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras e as mesmas atenderán os límites establecidos no apartado 15 das FEC”.

A dirección facultativa, con carácter previo á redacción do Proxecto de modificación, solicita á consultora “Consultoría, Ingeniería y Servicios Integrados de la Construcción”(GOC) un análise técnico do estado da estrutura de soporte da cuberta da grada de Río, así como da influencia na mesma do cambio da forma e xeometría da cuberta prevista no Plan Director de Balaidos, informe que entrégase en xullo de 2015.

Sétimo.- En data 27 de marzo de 2015, á vista do citado informe, a Xunta de Goberno Local acordou:

- 1. Autorización para iniciar o expediente para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE “REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS. FASE 1”, recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra.*
- 2. Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcorra ata a aprobación do citado proxecto.*

Oitavo.- En data 27 de marzo é asinada por ambas partes un acta de suspensión temporal e parcial das obras (polos Directores facultativos da obra en representación do Concello, e por D. Jaime M. Alvariñas Villanueva en representación da UTE adxudicataria), que afecta ás unidades de obra vinculadas coas actuacións na cuberta dos pavillóns existentes na grada de Río (capítulo 02 do orzamento), así como as actuacións no interior (capítulo 03 do orzamento).

Noveno.- En data 23 de xullo de 2015, o director facultativo, á vista do análise técnico do estado da estrutura da cuberta da grada de Río, informa da necesidade de resolver ó contrato e celebrar un novo, por canto, o importe das novas unidades de obra necesarias para resolver ós

danos estruturais supera á porcentaxe de modificación máxima prevista no prego (20%).
Reprodúcese a continuación o citado informe:

Con data 29/07/2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "REFORMA DA CUBERTA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAI DOS, FASE I", por un importe de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (1.680.000 €) redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos D^a. Trinidad López Rodríguez.

A adxudicación do contrato, despois do desenvolvemento do proceso de adxudicación deste expediente por procedemento aberto e tramitación ordinaria, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 12 de decembro de 2014, a favor da UTE "STRADIA-GPD BALAI DOS, S.L.", por un importe de 1.136.016 Euros.

O obxecto do proxecto aprobado tiña por finalidade fundamental a substitución da chapa de cuberta da grada de Río e do pavillón de deportes ubicado na planta baixa.

Cuberta Grada de Río.

As actuacións recollidas no proxecto aprobado no relativo á grada de Río consistían na reparación da estrutura espacial coa reposición de nudos, barras e tratamento superficial das mesmas e a substitución das correas existentes en mal estado por outras que servirían de apoio á chapa de aluminio minionda proxectada.

Iniciadas as obras detéctase que a reposición de nudos de esfera e das barras da estrutura faise inviable economicamente, xa que sería necesario, dado o seu estado de deterioro, o desmontaxe total da malla espacial.

A maiores e dado que a interdistancia entre correas de apoio de chapa proxectada de aluminio, debería de reducirse aproximadamente á metade o que conleva a necesidade de instalación dunha subestrutura metálica non contemplada no proxecto aprobado e que ademais implicaría unha sobrecarga sobre a estrutura espacial e apoios existentes, aspecto éste, que según o informe técnico solicitado a GOC obriga a necesidade de substitución da estrutura espacial existente por outra que cumpla a vixente normativa (Código técnico de edificación no seu documento básico de Seguridad Estructural) (CTE-DB-SE).

Cuberta pavillón deportivo.

As actuacións recollidas no proxecto aprobado relativas á cuberta do pavillón deportivo, consisten na demolición da cuberta existente, retirada da mesma e a súa substitución por unha cuberta de tipo panel sandwich.

Durante a execución da obra comprobouse que ademais do panel contemplado no proxecto existe outro superposto; descoñecendo a forma de suxeición e a cantidade a maiores, partidas non contempladas no proxecto aprobado, o que requiriría novos prezos contraditorios.

Así mesmo púidose observar que os anclaxes das correas existentes en moitos casos atópanse nun estado moi deficiente; sendo necesario a súa reparación non prevista no proxecto aprobado.

Á vista do anterior e considerando que a cláusula 15 das FEC autoriza a modificación do contrato nas seguintes circunstancias que concorren neste caso:

- *Aparición das chamadas patoloxías ocultas na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios), non detectadas nos muestreos da fase de redacción do proxecto.*
- *Aparición de novas patoloxías na estrutura de formigón ou patoloxías que ampliaron o grao de consideración de reparación dende a inspección realizada para a redacción do proxecto (filtracións, afección por cloruros).*
- *Aparición de patoloxías na celoxía metálica de cuberta que requiran modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de inercias ou por peso de material de pechamento.*

É evidente que sería preciso ir a unha modificación do contrato.

Por isto con data 19 de marzo de 2015 o Enxeñeiro de Edificación, o Xefe da Área de Fomento e o Concelleiro delegado da Área propuxeron á Xunta de Goberno Local que autorizase a iniciación do expediente para encargar a redacción do proxecto modificado nº 1 do primitivo proxecto no que se recollen as modificacións precisas para poder levar a efecto as obras previstas. Tamén a moratoria no prazo de execución das obras polo período de tempo que transcorre ata a aprobación de dito proxecto.

A proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 27 de marzo de 2015.

Nembargantes e tralo ditame da consultora GOC, estímase que a modificación do contrato suporía un incremento do prezo do mesmo de máis do 100 %, superándose amplamente o teito do 20 % de incremento máximo previsto como límite de modificación na letra d) da cláusula 15 das FEC, polo que a modificación non se podería levar a efecto.

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta as incidencias observadas durante a execución das obras e sendo necesaria a realización de prezos contraditorios de novas unidades de obra que permitan levar a cabo ditas obras con total seguridade e adaptadas á normativa vixente e que o importe das novas unidades de obra supera o máximo permitido na letra d) da cláusula 15 das FEC, polo que non é posible a modificación do contrato, faise necesaria a formalización dun novo, previa a redacción dun novo proxecto técnico que recolla as novas unidades de obra necesarias tanto para a finalización das obras consistentes na substitución das cubertas de grada de Río e do pavillón deportivo ubicado na planta baixa e unha nova licitación, previa á resolución do vixente contrato con arranxo ao procedemento legalmente previsto”.

Décimo.- Á vista do citado informe, o servizo xestor, a área de Fomento, realizou actuacións de cara a resolución do contrato, tales como:

- *En data 21 de agosto, asinase a acta de recepción das obras de “Reforma da cuberta de Río e Consolidación estrutural no Estadio de Balaídos. Fase I” polos directores facultativos da obra, en representación do Concello, e por D. Jaime M. Alvareñas Villanueva en representación da UTE adjudicataria. Á mesma axuntase á medición das obras executadas, realizada de común acordo por ambas partes, que dará lugar a certificación n.º 8 final.*

- *Evacúoselle trámite de audiencia a contratista que presentou dos escritos de alegacións, un en data 21 de agosto e outro en data 11 de setembro. No escrito de data 21 de agosto de 2015, a “UTE Stradia-GPD Balaidos”, manifesta a súa desconformidade co importe da indemnización proposta no informe da dirección facultativa da obra, 3% do importe da prestación deixada sen executar, por canto consideran que a resolución non obedece a causa prevista no artigo 223.g do TRLCSP, a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, senón a un mero criterio estético, polo que considera que tratase dun desestímulo e que, en consecuencia, corresponderíalle unha indemnización dun 6% da obra deixada de realizar en concepto de beneficio industrial, consonte ó previsto no artigo 239.4 do TRLCSP. En cambio, no escrito de data 11 de setembro de 2015, manifesta que consideran adecuada a aplicación da citada causa de resolución prevista no artigo 223.g do TRLCSP, e que aceptan a indemnización prevista no informe de data 27 de xullo e propoñen deixar sen efecto o seu anterior escrito de data 21 de agosto de 2015.*
- *En data 23 de outubro de 2015, os directores facultativos da obra xunto co asesor xurídico da área de Fomento, informan sobre as vicisitudes da execución deste contrato e formulan unha proposta de liquidación do contrato, remitindo o expediente ó servizo de Contratación para que proceda a tramitar a resolución do contrato.*

Undécimo.- En data 9 de novembro de 2015, o director facultativo, á instancia do servizo de Contratación, emite informe aclarando que con independencia do cambio do deseño da cuberta, “a execución do proxecto aprobado inicialmente pasa necesariamente pola necesidade de substituíla estrutura de malla espacial existente (...). O importe da reposición da estrutura ascende a “638.000 euros”, o que supera a porcentaxe de modificación prevista para este contrato na letra d da cláusula 15 da FEC, 20% do prezo do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

En data 12 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP) acordou “Adxudicar á U.T.E. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1 (expediente 2540-440) por un prezo de 1.136.016 euros (IVE engadido)”, formalizándose o contrato en data 15 de decembro de 2014.

-II-

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución contractual. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.*

Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse.

De acordo cos artigos 211 do TRLCSP (en relación coa disposición adicional 2ª.8 do mesmo corpo legal) e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

-III-

A lexislación de contratos do sector público recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 40 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

A teor do PCAP (cláusula 2.1), estamos en presenza dun contrato de obras.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 223 e 237 do TRLCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.
- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato

- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.
- h) As establecidas expresamente no contrato. En concreto, no que nos ocupa, a cláusula 40.3 do PCAP consigna a seguinte: o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo (aprobado por acordo Plenario do 29/11/2010, publicado no BOP do 29/03/2011).
- i) A demora na comprobación do replanteo, conforme ao artigo 229.
- j) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a seis meses por parte da Administración.
- k) O desistimento ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado g) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 223.g do TRLCSP: "A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato conforme ao disposto no título V do libro I".

Tal e como desprendese dos informes técnicos recollidos nos antecedentes, en especial do informe da dirección facultativa de 23 de xullo de 2015, e completado e aclarado no informe de data 9 de novembro de 2015, iniciada a execución das obras detectáronse problemas de deterioro na estrutura espacial que soporta a cuberta de Río. Inicialmente o proxecto so prevía a "reparación da estrutura espacial coa reposición de nudos, barras e tratamento superficial das mesmas e a substitución das correas existentes en mal estado por outras que servirían de apoio á chapa de aluminio minionda proxectada", non entanto, iniciadas as obras detectouse que "a reposición de nudos de esfera e das barras da estrutura faise inviable economicamente, xa que sería necesario, dado o seu estado de deterioro, o desmontaxe total da malla espacial". Problema que agravouse polo feito de que "a interdistancia entre correas de apoio de chapa proxectada de aluminio, debería de reducirse aproximadamente á metade o que conleva a necesidade de instalación dunha subestrutura metálica non contemplada no proxecto aprobado e que ademais implicaría unha sobrecarga sobre a estrutura espacial e apoios existentes, aspecto éste, que según o informe técnico solicitado a GOC obriga a necesidade de substitución da estrutura espacial existente por outra que cumpra a vixente normativa (Código técnico de edificación no seu documento básico de Seguridade Estrutural) (CTE-DB-SE)". Do exposto, dedúcese que para executar o proxecto aprobado é necesario modificar toda a subestrutura de soporte da cuberta e cambiar a malla espacial a consecuencia do seu deterioro e, ademais, redimensionala, reducindo a interdistancia entre as correas de apoio.

Nun principio sería posible modificar o contrato por esta causa, pois atópase entre as previstas no apartado 15.C da Folla de especificacións do contrato (en adiante FEC) do PCAP:

- Aparición das chamadas "patoloxías ocultas" na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos muestreos da fase de redacción de proxecto.
- Aparición de novas patoloxías na estrutura de formigón ou patoloxías que ampliaron o grao de consideración de reparación dende a inspección realizada para a redacción do proxecto (filtracións, afección por cloruros).
- A aparición de patoloxías na celosía metálica de cuberta que requiran modificación dos pechamentos no sentido de reforzo de incercias ou por peso do material de pechamento.

No entanto, a modificación do proxecto para solventar estes problemas superaría con creces a porcentaxe máxima de modificación do contrato prevista no apartado no apartado 15.D da FEC, 20% do prezo do contrato. Pois, segundo o análise técnico do estado da estrutura de soporte da

cuberta da grada de Río elaborado pola consultora “Consultoría, Ingeniería y Servicios Integrados de la Construcción”(GOC), a modificación do contrato suporía un incremento do prezo do mesmo de máis do 100 %, extremo ratificado no informe da dirección facultativa de 23 de xullo. En consecuencia, non procede modificar o contrato, senón a súa resolución, e o inicio, no seu caso, dun expediente de contratación no que o proxecto de obras se axuste as necesidades detectadas por mor dos problemas da estrutura de soporte da grada.

-V-

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede que a Administración contratante inicie o procedemento de resolución do contrato.

Constan no expediente unhas actuacións preliminares á resolución levadas a cabo polo servizo xestor do expediente, a área de Fomento, en concreto asinouse a acta de recepción das obras na que se inclúe a valoración final das obras executadas e faise constar as unidades pendentes de execución, evacuose trámite de audiencia ó contratista e formulouse unha proposta de liquidación, dándose traslado ó servizo de contratación para a instrución do expediente.

Durante o trámite de audiencia, a “UTE Stradia-GPD Balaidos”, presentou un escrito de data 21 de agosto de 2015, manifestando a súa desconformidade co importe da indemnización proposta no informe da dirección facultativa da obra, 3% do importe da prestación deixada sen executar, por canto consideran que a resolución non obedece a causa prevista no artigo 223.g do TRLCSP, a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, senón a un mero criterio estético, polo que considera que tratase dun desestímulo e que, en consecuencia, corresponderíalle unha indemnización dun 6% da obra deixada de realizar en concepto de beneficio industrial, consonte ó previsto no artigo 239.4 do TRLCSP. Posteriormente, presentou outro escrito, de data 11 de setembro de 2015, no que manifesta que consideran adecuada a aplicación da citada causa de resolución prevista no artigo 223.g do TRLCSP, e que aceptan a indemnización prevista no informe de data 27 de xullo e propoñen deixar sen efecto o seu anterior escrito de data 21 de agosto de 2015.

Á vista destes escritos contraditorios, a técnica que subscribe, solicitou á dirección facultativa unha aclaración sobre a seguinte cuestión: se a resolución prodúcese por mor do cambio do deseño da cuberta ou, polo contra, produciríase igualmente con independencia deste cambio, por canto a modificación necesaria para solventar os defectos da estrutura da cuberta supera o 20% do prezo do contrato, porcentaxe máxima de modificación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reforma da cuberta de río e consolidación estrutural no estadio de Balaidos. Fase 1”. O director facultativo emite informe en data 9 de novembro de 2015, aclarando que con independencia do cambio do deseño da cuberta, “a execución do proxecto aprobado inicialmente pasa necesariamente pola necesidade de substituíla estrutura de malla espacial existente (...). O importe da reposición da estrutura ascende a “638.000 euros”, o que supera a porcentaxe de modificación prevista para este contrato na letra d da cláusula 15 da FEC, 20% do prezo do contrato.

O procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo do mesmo, a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigo 211 TRLCSP).

Procede, en consecuencia, evacuar un novo trámite de audiencia ó contratista, tanto sobre a procedencia da resolución, como sobre a medición final das obras, o reaxuste de garantías e a proposta de liquidación do contrato, elementos estes que non constaban no expediente cando lle foi evacuado o primeiro trámite de audiencia. Porque, como ten declarado a xurisprudencia (por todas, sentenza do Tribunal Supremo, de 21 de maio de 2002, recurso de casación 5610/1996),

“a finalidade e alcance de devandito expediente contradictorio vai dirixido a poñer de manifesto ao contratista os feitos en que se funda a Administración para entender incumplidas as obrigacións e a ofrecer ao interesado o dereito de aportar os elementos de xuízo e aportar as probas que estimen pertinentes”.

Non procede en cambio evacuar trámite de audiencia ós avalistas por canto no presente caso non procede incautar a garantía.

Do resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 211 do TRLCSP e 209 do RLCSP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, a xuízo da informante, deberán evacuarse cando, finalizado o trámite de audiencia ó contratista, se contesten as alegacións formuladas polo mesmo, se é o caso, e se formule a proposta de resolución ó órgano de contratación.

-VI-

En canto ós efectos da resolución cando o contrato resólvese pola imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados se non é posible modificar o contrato (artigo 223.g do TRLCSP), como neste caso, o artigo 225.5 do TRLCSP determina que o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa de resolución lle sexa imputable, circunstancia que non acontece neste caso.

Tamén hai que ter en conta a circunstancia de que o contratista tiña xa comezado a execución da obra, pois os problemas estruturais da cuberta da grada de Río detectáronse unha vez iniciada a mesma. O artigo 239 do TRLCSP, ó regular os efectos específicos da resolución dun contrato de obras, prevé esta situación e determina que en primeiro lugar haberá que proceder á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con arranxo ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición. Neste caso consta no expediente un acta de recepción das obras de “Reforma da cuberta de Río e Consolidación estrutural no Estadio de Balaídos. Fase I”, firmada polos directores facultativos da obra, en representación do Concello, e por D. Jaime M. Alvariñas Villanueva en representación da UTE adxudicataria. Á mesma axuntase á medición das obras executadas, realizada de común acordo por ambas partes, que dará lugar a certificación n.º 8 final, pendente de aprobación e aboamento. Da mesma resulta que quedan pendentes de aboamento ó contratista unidades de obra por importe de 105.209,85 euros. Reprodúcense a continuación un cadro coas certificacións emitidas antes de esa data:

CERTIFICACIÓNS EMITIDAS A DATA 21 DE AGOSTO DE 2015:

Certificación	Data	Importe
Certificación nº1	31-ene	0,00 €
Certificación nº2	28-feb	89.729,10 €
Certificación nº3	31-mar	27.299,02 €
Certificación nº4	30-abr	0,00 €
Certificación nº5	29-may	23.899,97 €
Certificación nº6	30-jun	77.859,02 €
Certificación nº7	Julio	0,00 €
Total certificado de obra executada		218.787,11 €

Para calcular o importe da indemnización é preciso determinar as unidades de obra executadas polo contratista, que deberán detraerse da totalidade das unidades do proxecto, e así poder calcular as pendentes de execución. Reprodúcense a continuación unha táboa co resumen das actuacións executadas:

RESUMEN DAS ACTUACIÓNS EXECUTADAS:

CÓDIGO	DESCRICIÓN	PROXECTO	OBRA EXECUTADA	Ud. de obra non EXECUTADA	Incremento obra executadas
Capítulo 01	Estrutura pórticos e contrafortes	243.456,17	273.378,06	-29.697,09	59.618,98
Capítulo 02	Cuberta grada Río	730.005,18	0,00	-730.005,18	0,00
Capítulo 03	Acondicionamento xeneral	48.755,06	28.963,35	-23.038,53	3.246,82
Capítulo 04	Seguridade e saúde	24.017,20	6.964,99	-17.052,21	0,00
Capítulo 05	Xestión de residuos	5.451,85	4.511,06	-1.025,59	84,80
Capítulo 06	Imprevistos	115.062,23	18.944,32	-96.117,91	0,00
	Total E.M.	1.166.747,69	332.761,78	-896.936,51	62.950,60
	13 % GX	151.677,20	43.259,03		5,40%
	6% BI	70.004,86	19.965,71		
	Total execución de contrata s/ive	1.388.429,75	395.986,52		
	21 % IVE	291.570,25	83.157,17		
	Total execución con IVE	1.680.000,00	479.143,69		
	% de baixa da adxudicación 32.38%	-543.984,00	-155.146,73		
	Total orzamento líquido de adxudicación	1.136.016,00	323.996,96		
	Obra executada pendente de certificar		105.209,85		

Do citado cadro dedúcese que foi executada obra por un importe de execución material en relación ao proxecto –sen calcular a baixa ofertada- de 332.761,78 € (28,53 %), dos cales 62.950,60 € (5,40%) correspóndense a excesos de medición das unidades de obra reflectidas na medición final, que habería que deducir do importe da obra efectivamente executada. En consecuencia, o contratista ten executado unidades de obra por importe de 269.811,18 euros (23,13 %). Se restamos esta cantidade do total do orzamento 1.166.747,69 euros, resulta que as unidades de obra non executadas ascenden a 896.936,51 € (76,87%). Sobre esta cantidade haberá que calcular á porcentaxe de indemnización que lle corresponde ó contratista, 3%, que é de 26.908,10 euros. No entanto, de esta cantidade é preciso detraer a porcentaxe de baixa sobre o presuposto base de licitación ofertada polo contratista, 32.38%, é dicir, 8.712,84 euros, polo que a indemnización resultante é de 18.195,25 euros. No seguinte cadro reprodúcense estes valores:

Total de execución material non executado	896.936,51
3% indemnización sobre a prestación non executada	26.908,10
% de baixa da adxudicación 32.38%	-8.712,84
Total indemnización a abonar	18.195,25

A U.T.E. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., constituíu un aval bancario en concepto de garantía definitiva por importe de 46.942,81 euros, para responder da execución do contrato.

A garantía devolverse ou cancelarse ó vencemento do prazo de garantía se se cumprise satisfactoriamente o contrato ou cando se declare a resolución do contrato sen culpa do contratista, segundo determina o artigo 102.1 do TRLCSP. No entanto, no presente caso o contratista, antes da resolución do contrato ten executado unidades de obra das que deberá responder. En consecuencia, non procede cancelar o aval, pero si podería reaxustarse á garantía o importe efectivamente executado de obra.

-VIII-

A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 42.1 LRJAP), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto o convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ó deber de comunicación previa á Administración.

Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 42. 3 LRJAP que "Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses". E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo.

IX-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ó contratista emitírase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e en caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello consultivo.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Iniciar o procedemento para a resolución o contrato de obras de reforma de cuberta da grada de río e consolidación estrutural no estadio de Balaídos - Fase 1", adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2014, á U.T.E. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., por un prezo total de 1.136.016 euros (IVE engadido)" por concorrer a causa prevista no artigo 223.g do TRLCSP, imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados non sendo posible modificar o contrato.

2º.- Dar traslado do expediente ós directores facultativos da obra para que realicen as actuacións pertinentes para a aprobación da acta de medición final das obras emitida en data 21 de agosto, co obxecto de poder aboar á UTE adxudicataria o importe das unidades de obra executadas e pendentes de aboamento, que ascende a 105.209,85 euros.

3º.-Fixar unha indemnización de danos e prexuízos causados á UTE adxudicataria pola resolución do contrato de 18.195,25 euros, conforme ó exposto no fundamento xurídico VI do presente informe.

4º.- Comunicar á U.T.E. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., a facultade de reaxustar a garantía definitiva ó importe efectivamente executado de unidades de obra.

5º.- Dar traslado do presente acordo á UTE adxudicataria, concendéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo para formular as alegacións que estime convenientes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1320).- PRÓRROGA DO PRAZO OUTORGADO A PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A. PARA O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS NO PUNTO 2º DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 26.06.15. EXPTE. 636/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 24.11.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

-Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 20 de novembro de 2015, solicita unha ampliación do prazo para dar cumprimento ós requisitos contidos no acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño de 2015 relativo á modificación da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Castelaio, da que a súa representada é titular. Xustifica a ampliación do prazo no feito de que, para o cumprimento dos requisitos impostos no citado acordo promoveu a conclusión do concurso de acreedores da áus representada. Informada favorablemente a conclusión do concurso pola administración concursal e transcorrido o prazo para que os interesados formulen oposición sen que se teña formulado ningunha, está a espera de que o Xulgado dite o preceptivo auto de conclusión do concurso. Á vista desta circunstancia, considera que previsiblemente non será posible o cumprimento dos devanditos requisitos no prazo que lle foi concedido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2015, e que remata o día 1 de decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., resultou adxudicataria da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelaio, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007. Para a xestión desta concesión constituíu unha sociedade instrumental unipersonal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

Segundo.- O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acreedores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.,

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xuño de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade. As modificacións consistirán en:

- Excluir do seu obxecto a construción e explotación dun aparcadoiro de uso mixto na Rúa Rosalía de Castro.*
- Configurar o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro denominado “de residentes” anexo ó aparcadoiro citado no punto anterior, como un aparcadoiro independente de uso mixto.*
- Suspende a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos, que se computará dende o día seguinte ó da formalización da presente modificación. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste*

extremo, así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

2º.- Con carácter previo a continuación coa tramitación da presente modificación é imprescindible que, durante o prazo do trámite de audiencia da presente proposta, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., cumpra os seguintes requisitos:

1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta "sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación", consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.
2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.
3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.
4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.

(...)

6º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo á Concesionaria, por prazo de un mes para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan."

Cuarto.- O artigo 49.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite á Administración, salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiro, e sempre e cando, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posíbel a ampliación de prazos vencidos (artigo 49.3 LRJAP).

Consonte o precepto transcrito, tendo en conta que a solicitude formulouse antes do vencemento do prazo, e que coa ampliación de prazo solicitada non prexudícanse dereitos de terceiro, procede conceder ó adxudicatario unha ampliación do prazo de 45 días para dar cumprimento os requirimentos formulados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño, o cal comezará a computarse a partir do día seguinte o do vencemento do prazo en vigor, o día 2 de decembro.

Quinto.- A competencia para a acordar a prórroga do prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Conceder unha prórroga do prazo outorgado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por resolución de data 6 de agosto de 2015, de 45 días a efectos de facilitar que poida cumprir os requisitos esixidos no punto 2º do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2015.

2º.- O cómputo deste prazo iniciárase o día 2 de decembro”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1321).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO “OTOÑO LÍRICO 2015”. EXPTE. 604/330.

Visto o informe xurídico do 13.11.15 e o informe de fiscalización do 20.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 5.11.15, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Cultura, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamento, que di o seguinte:

INFORME.-

Con data 27 de outubro de 2015, o Alcalde asinou decreto polo que se delegou na Área de Cultura as atribucións precisas para a tramitación e execución dos expedientes de convenios para regular diversas subvencións que figuran no programa orzamentario 912. Órganos de Goberno, entre as que se atopa unha subvención nominativa a favor da asociación Amigos de la Ópera por importe de 40.000 €; por este motivo, con data 29 de outubro de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2015, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

PROGRAMA:

*Sábado 24 de outubro, ás 20:30 h
CURLEW RIVER
Teatro Afundación Vigo*

*Domingo 8 de novembro, ás 19:30 h
L'ELIXIR D'AMORE
Teatro Afundación Vigo*

*Domingo 20 de decembro, ás 19:30 h
CAVALLERIA RUSTICANA&PAGLIACCI
Teatro Afundación Vigo*

*Venres 23 de outubro, martes 3 de novembro e martes 15 de decembro
CONFERENCIAS
Sala conferencias do Centro Social Afundación*

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 144.250 € (cento corenta e catro mil douscentos cincuenta), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 40.000 € (27,73%)
- Xunta de Galicia: 15.000 € (10,40%)
- Deputación Provincial: 12.000 € (8,32%)
- Abanca: 20.000 € (13,86%)
- Gadisa: 1.500 € (1,04%)
- Santos Estudio Vigo: 1.500 € (1,04%)
- Previsión ingresos venda entradas: 31.500 € (21,84%)
- Recursos propios: 22.750 € (15,78%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de data 4 de outubro de 2015, recibido por correo electrónico, e remitido por asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao "OTOÑO LÍRICO 2015" proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, para a organización do programa "OTOÑO LÍRICO 2015", obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na

concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización do "OTOÑO LÍRICO 2015 e figura na partida 9120.480.00.05 "AMIGOS DA ÓPERA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000€ (corenta mil euros) á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, CIF. G36622116, para o financiamento do "OTOÑO LÍRICO 2015", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9120.480.00.05 "AMIGOS DA ÓPERA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "OTOÑO LÍRICO 2015".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1322).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS TÉCNICO-DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 13287/333.

Visto o informe de fiscalización do 13.11.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e xefe da Unidade Técnico-deportiva, do 12.11.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

De acordo coa orden de inicio do Concelleiro Delegado de Deportes de data 27 de outubro de 2015 para o inicio do expediente conducente a aprobación da prorroga polo período de nove meses do contrato de servizos técnico-docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, subscrito con PABLO CASAL NUÑEZ (DNI A-36.081.498-H), procede a emisión do seguinte informe proposta:

1.- Antecedentes

OBXECTO DO CONTRATO: a prestación de servizos de formación deportiva e docencia, o desenvolvemento de tarefas de coordinación e de desenvolvemento técnico das actividades físicas incluídas no programa de “ Ximnasia para persoas maiores”.

CONTENIDO ECONÓMICO:

Presuposto total: 38.284,40 euros

IVE a soportar pola administración: 6.644,40 euros

Valor estimado do contrato: 69.608 euros

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: 3410.227.99.25 “custo instalacións deportes maiores”

PLAZO DE EXECUCIÓN: 1 ano

PRORROGA DO CONTRATO:

Unha prorroga de nove meses, finalizando o contrato o 30 de xuño de 2016.

GARANTIAS ESIXIBLES: Cláusula 11 das FEC.

–Garantía provisional, non procede

–Garantía definitiva, 5% do importe da adxudicación sen IVE

–Garantía complementaria, non procede

FINALIZACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS: 15 de outubro de 2014

ADXUDICACIÓN: Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2014

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: 1 de decembro de 2014.

ADXUDICATARIO: Pablo Casal Nuñez – DNI: 36081498-H

2.- Xustificación da prorroga:

A cláusula 4C das FEC establece que o contrato poderá prorrogarse en nove meses, finalizando o contrato o 30 de xuño de 2016.

O contrato actual se axusta adecuadamente para os servizos técnicos-docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de Ximnasia para persoas maiores, e os prezos vixentes se consideran axustados o mercado, polo que considerase xustificado, proceder a prorroga de nove meses para o actual contrato de servizos técnicos-

docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, subscrito con Pablo Casal Nuñez (DNI 36.081.498).

O obxecto do contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre."

O gasto proposto, establececese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

3.- Aplicación orzamentaria:

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria da concellería de deportes, da partida 3410.227.99.25 "Custo instalacións deportes maiores".

4.- Proposta:

De acordo con todos os aspectos expostos e previa fiscalización desta proposta por parte da Intervención Xeral do Concello, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro: Autorizar a prorroga do contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria do 28 de novembro de 2014, a favor de Pablo Casal Nuñez (CIF 36.081.498-H), para a os servizos técnico-docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores (expediente nº 13287-333) por un importe total de 38.284,40€ polo prazo de nove meses, a partir do 1 de decembro do ano 2015, nas condicións previstas no devandito contrato.

Segundo: Aprobar o gasto máximo a favor de PABLO CASAL NUÑEZ (DNI 36.081.498-H), para o período de nove meses a partir do 1 de decembro de 2015, polo importe máximo de 38.284,40 €, con cargo a partida 3410.227.99.25 "Custo instalacións deportes maiores públicos", de acordo coa seguinte desglose por anualidades:

Anualidades	Importe con IVE	IVE
2015	3.500,00 €.	607,44 €.
2016	34.784,40 €.	6.036,96 €.
Total	38.284,40 €.	6.644,40 €.

Dito importe máximo será de aplicación os prezos unitarios aprobados na adxudicación do prezo da hora de prestación de servizo en 34,00 € (IVE engadido)

Terceiro: A presente prorroga do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, para o cal deberá proceder a manter a fianza definitiva, polo 5% do valor do prezo máximo do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao adxudicatario Pablo Casal Nuñez

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1323).- AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DQ “CARREIRA SOLIDARIA POPULAR ÉRGUETE” O 29 DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 14484/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.11.15, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Erguete, con CIF (G36642726), solicitou o día 14-10-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150130184) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: CARREIRA SOLIDARIA POPULAR ERGUETE*
- *Data: 29 de novembro de 2015*
- *Horario: 11.00h a 12.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 29 de novembro de 2015, este evento ten previsto comezar ás 11.00h con saída dende Príncipe, pasando por Porta do Sol, Elduayen, Paseo de Alfonso XIII, Pi y Margall, Tomás Alonso, Pza de Industria, Coruña, Jacinto Benavente, Beiramar, Ribeira do Berbés, Real, Triunfo, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón para rematar en Príncipe sobre as 12.30h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a *Erguete*, con CIF (G36642726) a organizar o vindeiro domingo 29 de novembro de 2015, o evento deportivo denominado *CARREIRA SOLIDARIA POPULAR ERGUETE*, a carreira començará as 11.00h e terá a súa saída dende a rúa de Príncipe para seguir por Porta do Sol, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, Tomás Alonso, Pza de Industria, Coruña, Jacinto Benavente, Beiramar, Ribeira do Berbés, Real, Triunfo, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón para rematar en Príncipe sobre as 12.30h

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1324).- AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XXXVII MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS” O VINDEIRO 29 DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 14513/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.11.15, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade deportiva *Comesaña Sporting Club*, con CIF (G36645257), solicitou o día 19-10-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150132329) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXXVII MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVES
- Data: 29 de noviembre de 2015
- Horario:10.15h a 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 29 de novembro de 2015,este evento ten previsto començar ás 10.15h con saída dende San Andrés de Comesaña (ao lado do campo de fútbol da Xunqueira), percorrendo por debaixo do viaducto da VG-20, para seguir polo Lagares, onde rematará ás 14.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Montes, parques e xardíns
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva

integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar ao Comesaña Sporting Club, con CIF (G-36645257), a organizar o vindeiro domingo 29 de novembro de 2015, o evento deportivo denominado **XXXVII MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVES**, a carreira está previsto que comenze ás 10.15h con saída dende San Andrés de Comesaña (ao lado do campo de fútbol da Xunqueira), percorrendo por debaixo do viaducto da VG-20, para seguir polo Lagares, onde rematará ás 14.00h.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1325).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS ÁS SUBVENCIONS CONCEDIDAS AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER DO ANO 2015”. EXPTE. 6709/224.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 23.11.15, conformado pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 28 de outubro de 2015 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller do exercicio 2015”.

Á entidade Casa de Andalucía en Vigo, CIF: G36621290, foille concedida unha axuda por importe de 1.383,19€ para a realización do proxecto “A vida cotiá e cousa de dous”.

A Casa de Andalucía en Vigo, con data 6 de novembro, presenta documento 150141239 no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida comunicando que non poden xustificar a subvención ó non ter realizado o proxecto subvencionado.

Á entidade FORMEGA, CIF G15864663, foille concedida unha axuda por importe de 1.278,91 € para a realización do proxecto “Proxecto Navia II”.

Formega, con data 10 de novembro, presenta documento 150142401 no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida comunicando que non poden xustificar a subvención ó non ter realizado o proxecto subvencionado.

Á entidade Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade, CIF G36704195, foille concedida unha axuda por importe de 1.211,14 € para a realización do proxecto “Educación afectivo-sexual... O sentir das persoas con discapacidade”.

A Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade, con data 9 de novembro, presenta documento 150141934 no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida comunicando que non poden xustificar a subvención ó non ter realizado o proxecto subvencionado.

Á entidade Asociación de Persoas Sordas de Vigo, CIF G36622835, foille concedida unha axuda por importe de 1.299,77 € para a realización do proxecto “IX Edición: O empoderamento das mulleres sordas”.

A Asociación de Persoas Sordas de Vigo, con data 12 de novembro, presenta documento 150144176 no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida comunicando que non poden xustificar a subvención ó non ter realizado o proxecto subvencionado.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“ Aceptar as renuncias ás subvencións concedidas ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller do ano 2015” presentadas polas entidades: Casa de Andalucía en Vigo con CIF G36621290, FORMEGA con CIF G15864663, Federación Provincial de Asociacións de Persoas con Discapacidade con CIF G36704195 e Asociación de Persoas Sordas de Vigo con CIF: G36622835.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1326).- PRÓRROGA DO CONVENIO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS DE A MADROA. EXPTE. 8949/306.

Visto o informe de fiscalización do 23.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 17.11.15, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Dona Amparo Roger Piñeiro, provista do DNI 35812518-T, con enderezo para efectos de notificacións nas instalacións municipais do Refuxio de animais de A Madroa (Candeán), actuando, en calidade de presidenta, en representación da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociación co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos, presentou no Rexistro do Concello de Vigo, solicitude de prórroga do vixente “convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de animais”,

Para a resolución da seguinte petición considéranse relevantes os seguintes

I.- ANTECEDENTES/FEITOS

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de febreiro de 2013, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do refuxio de animais de A Madroa (expte. 8949/306).

2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 28 de febreiro de 2013.

3.- Dito convenio ten por finalidade a prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gastos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos

hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería-delegada competente.

O Concello achega a referida asociación unha cantidade anual de 96.000 euros (noventa e seis mil euros) en virtude do disposto no referido convenio.

4.- A cláusula segunda do convenio establece que “o prazo de vixencia deste convenio será de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV, e ditado cunha antelación mínima de, alomenos, tres meses á data de expiración do convenio. O convenio entrará en vigor o día un do mes seguinte ao da súa sinatura.”

O convenio asinouse en data do 28/02/2013 e entrou en vigor o 1/03/2013, tendo vixencia ata o día 29/02/2016, e existindo a posibilidade da súa prorroga por un ano máis, é dicir, do 1/03/2016 ata o 28/02/2017.

5.- A APAPV cumpriu coas obrigas establecidos no convenio de forma axeitada durante o período que levamos de vixencia deste, sen ningún tipo de incumprimentos nin incidencias significativas polo que non se observa impedimento neste sentido para a prórroga do convenio por un ano máis.

O Departamento de Medio Ambiente segue sen dispor de persoal para atender o centro de recollida ou refuxio de animais de a Madroa, nin das demais accións que ven desenvolvemento a APAPV en virtude do vixente convenio, polo que segue sendo preciso a colaboración externa.

6.- No que atinxe á achega económica anual á APAPV de 96.000 euros e en vista da documentación presentada pola dita asociación, compre sinalar que:

Analizada esta documentación, as necesidades do refuxio de animais, a media de animais do refuxio que mesmo se incremento nos últimos anos, no que levamos de ano 2015 unha media mensual de 617 cans no refuxio (460 cando se asinou o convenio) e de 95 gatos (64 cando se asinou o convenio), o cumprimento dos traballos a que se obriga a SPAPV segundo o convenio, os custes salariais, os prezos de mercado respecto de mercaderías, suministros e servizos, a execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, non se observa diminución dos gastos do refuxio que xa se estimaban en máis de 100.000 euros anuais no ano 2013 segundo documentación obrante no expediente administrativo de aprobación do proxecto de convenio (expte. 8949/306).

A aportación municipal de 96.000 euros anuais, o resto por conta da APAPV segue considerándose xustificada en virtude do indicado.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

a) Competencia municipal na materia obxecto do convenio.

1.- As competencias municipais a que se refire o convenio que nos ocupa, recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais -cans e gatos- abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, non dimanan, con carácter xeral, das materias que a vixente redacción do artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúen como propias aos municipios.

Esta lei entende por animal abandonado, aquel que circula libremente aínda que estea identificado por placa ou tatuaxe se no prazo de vinte días non é reclamado por ninguén que acredite a súa relación posesoria.

2.- A normativa reguladora fundamental na materia está recollida, entre outras, na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade de Galicia, que establece a obriga dos Concellos de recoller os animais abandonados ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados, facultando ás administracións locais para que poidan concertar convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais, por un período mínimo de tres (3) anos, prorrogables (artigo 11 e ss.).

Consonte cos artigos 16 da precitada Lei 1/1993 e 26 da Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais do Concello de Vigo (2000), atínxelle á Alcaldía a responsabilidade superior na protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade no ámbito do seu termo municipal.

3.- A disposición Adicional primeira da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que:

“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servicios sociais”.

Nun sentido máis estrito e, atendendo ao caso concreto, tamén podería xustificarse unha certa competencia municipal con amparo no artigo 25.2.b) e d) da LRBRL toda vez que estes animais -esencialmente cans e gatos- atópanse fundamentalmente na zona urbana, moitas veces trátase de animais de compañía que viven co home no medio urbano, e encontrase en vías ou espazos públicos de titularidade municipal, nas que o Concello está obrigado ao seu mantemento e seguridade e, tamén, ten competencias no medio ambiente urbano.

O exposto xustifica a competencia municipal na materia.

b) Prórroga do convenio.

Nos antecedentes deste informe queda xustificada a conveniencia e oportunidade da prórroga do contrato tendo en consideración a insuficiencia de medios humanos municipais para atender o refuxio e demais accións que ven desenvolvendo a APAPV segundo o convenio, como a correcta xestión que dita asociación ben desenvolven no refuxio de animais.

A posibilidade legal da prórroga do convenio está expresamente prevista no artigo 12 da citada Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade e na cláusula segunda do convenio que nos ocupa, sendo conforme co interese público municipal.

c) Órgano competente para a resolución.

É órgano competente para a prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido no artigo 127 da LRBRL.

Polo exposto, tralo informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar a prórroga do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e atención do centro de recollida ou refuxio de animais (expte. 8449/306)”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15/02/2013, suscrito polas partes o 28/02/2013, con vixente dende o 01/03/2013 e polo prazo de tres anos; polo prazo dun ano comprendido dende o 1 de marzo de 2016 ata o 28 de febreiro de 2017.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 96.000 euros para ano de prórroga do contrato, período 1 de marzo de 2016 ata o 28 de febreiro de 2017, correspondendo 80.000 euros para o ano 2016, 16.000 euros para o ano 2017; pagadeiros a razón de 8000 euros mensuais, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.04 (“Convenio Sociedade Protectora de animais”)

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, informándolle que consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, contra este acordo, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique este acordo.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela a interesada interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1327).- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS”. EXPTE. 3126/443.

Visto o informe xurídico do 19.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Xestión da Área, do 20.11.15, conformado polo xefe de área de Fomento e responsable do contrato e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Nº Expediente	3126/443 3175/440 (contrato obras)
Situación da obra	Camiño da Lagoa (Teis)
Redactor do proxecto	D. Luis Vicente Vilar Montoro
Dirección facultativa	D. Álvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez
Responsable do contrato	Xefe Área de Fomento (D. Álvaro Crespo Casal)
Adxudicatario/ Contratista	ACEVI (Actividades de Construcción, edificación e Viales S.L.)
Autor do Plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición	D. Rafael Cabo Landeira
Autor do Estudo básico de Seguridade e Saúde	D. Luis Vicente Vilar Montoro
Autor do Plan de Seguridade e Saúde no Traballo	D. Rafal Cabo Landeira
Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra	D. Ricardo Camiña Ceriz
Plazo execución obra	2 meses
Órgano ao que se dirixe a proposta	Xunta de Goberno Local

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno Local en data 30 de outubro de 2015 acordou: Adxudicar a Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.),, o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" , por un prezo de 81.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.057,85 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada. (expediente 3175/440)"

2.- En data 6 de novembro de 2015 formalizase o contrato das obras de "Estabilización do noiro do Camiño da Lagoa en Teis" entre o Concello de Vigo e Actividades de Construcción Eddificación y Viales S.L. (Acevi S.L.).

3º.- En novembro de 2015, a contratista, Acevi S.L presenta o Plan de Xestión dos Residuos de Construcción e Demolición da obra referenciada que con data 17 de novembro de 2015 e informado pola Dirección Facultativa das obras, o Enxeñeiro D. Álvaro Crespo Casal e o Enxeñeiro Técnico D. Julio Carrasco Rodríguez aprobando o citado Plan.

4º.- En data 17 de novembro de 2015 D. Ricardo Camiña Ceriz, coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra de referencia segundo nomeamento municipal de data 25 de setembro de 2015, informa favorables o citado Plan de Seguridade e Saúd, elaborado pola contratista, sendo o redactor do mesmo D. Rafael Cabo Landeira.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- O artigo 7 do Regulamento do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción regula o referente aos Plans de Seguridade e Saúde. Así obriga a que cada contratista elabore un plan de seguridade e saúde no traballo. No punto 2 do citado artigo establécese que no caso de obras das Administracións públicas, o plan de seguridade e saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, se elevará para a súa aprobación pola Administración Pública que teña adxudicado a obra.

Consta no expediente informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, polo que o citado plan debe ser aprobado polo órgano competente do Concello de Vigo.

Segundo.- O RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición establece no seu artigo 5 as obrigacións do poseedor de residuos de construción e demolición. No memo regulase a obrigación da persoa que execute as obras (o contratista) de presentar á propiedade un plan que reflexe como levará a cabo as obrigacións que lle incumpan en relación cos residuos de construción e demolición que se vaian a producir na obra. O plan, unha vez aprobado pola dirección facultativa e aceptado pola propiedade pasará a ser parte dos documentos contractuais da obra.

Consta no expediente informe favorable da dirección facultativa aprobando o citado plan, polo que debe ser aceptado polo órgano competente do Concello de Vigo.

Terceiro.- No artigo 9.2 do citado RD 105/2008 establece que as actividades de valoración de residuos reguladas neste artigo se axustarán ao establecido no proxecto de obra. En particular, a dirección facultativa da obra deberá aprobar os medios previstos para dita valoración in situ.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme o previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

PROPOSTA

- 1. Aceptar o Plan de Xestión dos Residuos para a execución das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (exp.: 3175/440), presentado pola contratista Actividades de Construción, Edificación y Viales S.L. (Acevi S.L.), redactado por D. Rafael Cabo Landeira e aprobado pola Dirección Facultativa da obra, D. Álvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez con data 17 de novembro de 2015.*
- 2. Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (exp.: 3175/440) presentado pola contratista Actividades de Construción, Edificación y Viales S.L. (Acevi S.L.), redactado por D. Rafael Cabo Landeira e informado favorablemente en data 17 de novembro de 2015 polo Coordinador de Seguridade e Saúde designado polo Concello.*
- 3. Calquera modificación dos referidos planes que se pretenda introducir nos mesmos por causa xustificada, precisará da mesma tramitación seguida para a súa aceptación e aprobación, previamente á súa aplicación.
As actividades de valoración de residuos reguladas no artigo 9 do RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, se axustará ao establecido no proxecto de obra e os medios previstos para a dita valoración in situ deberán ser aprobados pola dirección facultativa.*

4. Deberá constar un exemplar do Plan de Xestión de Residuos e un exemplar do Plan de Seguridade e Saúde no Traballo na obra en poder do contratista ou persoa que o represente a disposición da dirección facultativa e demais autoridades competentes en cada unha das materias.
5. Ambos plans unha vez aprobados pasarán a formar parte dos documentos contractuais da obra.

O presente acordo notifíquese ao contratista e demais persoas con responsabilidade nas materias obxecto destes plans.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1328).- CESIÓN EN USO DA PLANTA 2ª DO EDIFICIO Nº 2 DA RÚA CÁNOVAS DEL CASTILLO Á ENTIDADE INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES. EXPTE. 12856/101.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 19.11.15, conformado pola xefa do servizo da Área de Tenencia e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA:

Normativa de aplicación.

- *LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*
- *RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).*

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de agosto de 2015 aprobou o proxecto de Convenio de Colaboración entre o Concello e INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, sendo asinado o mesmo en data 19 de outubro do 2015. Constando informe favorable da asesoría xurídica e da intervención xeral.

Segundo.- Segundo resulta do seu texto, “ O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES e unha entidade se ánimo de lucro, que conta entre as súas competencias a prestación de servizos de investigación e difusión da historia da cidade de Vigo, conforme ó establecido na L. 7/85 de 2 de abril, como a promoción da cultura e equipamentos culturais. II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES . III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.01, como subvención nominativa, a favor do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES , a cantidade de 37.000 euros....V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención “.

Terceiro.- Na súa clausula segunda, apartado 4º, establece que o Concello para a disposición do Instituto de Estudios VigueSES o local situado no segundo andar do Edificio situado en Canovas del Castillo nº 2 de Vigo, para a execución dos traballos de interes municipal regulados no presente convenio, mediante outorgamento da autorización administrativa que debera solicitar esta entidade.

Cuarto.- Con data 19/10/2015 de entrada no rexistro xeral do Concello o Instituto de Estudios VigueSES solicita autorización administrativa do local da rua Canovas del Castillo nº 2-2º de Vigo.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O concello é propietario do edificio denominado Berbes, sito na Rua Canovas del Castillo nº 2, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000020 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída por planta de 161.00 m2, e distribuído en 6 plantas.

Segundo.- O Instituto de Estudios VigueSES é unha entidade de natureza privada, de carácter cultural, sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro municipal asociacións co nº 1172/12 por Resolución do Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado de data 11.10.2012.

Terceiro.- A natureza demanial co que figura rexistrada no inventario de bens a propiedade municipal, aínda que non responda na actualidade a planta 2º obxecto de cesión, a unha adscripción ou afectación determinada a prestación dun servizo público municipal, e polo contrario se prevea polo Concello, no marco do convenio concertado, seu destino e adicación a uns determinados fins culturais de interes público que se concretan no seu clausulado, existe en atención a dita calificación, a suxección os principios e reximen xurídico de aplicación os bens de dominio público (art. 5 e 6 LPAP), debendose naqueles casos nos que se prevea, na execución dun proxecto ou plan municipal, o acceso ou utilización privativa ou especial por terceiros que exclúan ou limiten o xeral que correspondelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender o reximen xurídico previsto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP), entre o que se atopa a autorización administrativa a que fai mención a clausula segunda do Convenio.

Quinto.- Conseqüentemente, no presente caso, a utilización pola entidade interesada, do local municipal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o

aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

Neste ámbito xurídico, establécese no art. 90.1 a posibilidade do outorgamento da autorización do uso sobre bens afectos ou adscritos, a prol de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas. Norma que, aínda non sendo de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas, a teor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

Por outra banda, contéplase a posibilidade do otorgamento directo destas, no que atinxe as autorizacións administrativas (art.92), e que no presente caso traería causa do Convenio de colaboración asinado e no que contéplase a posta a disposición a dita desa entidade do local municipal para o desenvolvemento e execución dos traballos regulados no seu clausulado e que consideranse de interes municipal.

Sexto.- A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, as fixadas no Convenio e as particulares seguintes:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso das plantas 2ª, do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a execución dos traballos de interes municipal previstos e regulados no marco do Convenio de Colaboración asinado para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, e con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- A autorización concedese polo prazo de vixencia do Convenio de Colaboración, quedando resolta á extinción deste.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de 15 días, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, asi mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.*
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.*
- Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.*
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.*

8º.- A realización de obras de adaptación, reparación ou mellora no local requiriran da preceptiva autorización municipal que con carácter previo debera solicitarse pola interesada e ser otor-

gada por esta administración. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo trancurso do prazo outorgado.
- A extinción ou resolución anticipada do Convenio de Colaboración.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da entidade cesionaria.

11º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu dexaloso e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, no prazo dunha semana dende a data da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren.

Setimo.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos municipais, a planta 2ª do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade de Vigo, de propiedade municipal.

Segundo.- Poñer a disposición do INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES o uso da planta 2ª de dito inmovible, otorgandoselle ó efecto a correspondente autorización administrativa, consonte o disposto no Convenio de Colaboración de data 19.10.2015.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso das plantas 2ª, do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a execución dos traballos de interese municipal previstos e regulados no marco do Convenio de Colaboración asinado para o fomento de actividades de investigación histórica e divulgativa da cidade, e con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- A autorización concedese polo prazo de vixencia do Convenio de Colaboración, quedando resolta á extinción deste.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de 15 días, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
- Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.

8º.- A realización de obras de adaptación, reparación ou mellora no local requieran da preceptiva autorización municipal que con carácter previo debera solicitarse pola interesada e ser otorgada por esta administración. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo trancurso do prazo outorgado.
- A extinción ou resolución anticipada do Convenio de Colaboración.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da entidade cesionaria.

11º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu dexaloso e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, no prazo dunha semana dende a data da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeren.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos quince días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

Quinto.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1329).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO POLICÍA CON NIP 294097. EXPTE. 45087/212.

Dáse conta do informe-proposta do instructor do referido expediente disciplinario, de data 23.11.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- *Previa práctica de dilixencias informativas, o 25 de agosto de 2015, o Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade, adoptou Acordo de incoación de expediente disciplinario ao funcionario de carreira con posto de Policía, con nip 294097, cuxa parte resolutive se transcribe:*

“1º.- Ordenar a incoación dun expediente disciplinario ao Policía con NIP 294097 pola presunta comisión dos seguintes FEITOS: estacionar o seu vehículo Audi TT, de cor branca, matrícula 5691 BXP nunha praza de discapacitados sita na confluencia das rúas Placer e Paseo de Granada, os días 15,20 e 21 de xaneiro de 2015, dende primeira hora da tarde ata aproximadamente ás 16:00 horas, momento en que de uniforme recollía o vehículo e o introducía no garaxe de funcionarios do Concello de Vigo.

Os feitos poden ser constitutivos dunha falta grave, tipificada no art. 80,d) da Lei 4/2007 , de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local:

“ A infracción de deberes ou obrigas legalmente establecidos inherentes ao cargo ou función, cando se produzan de maneira grave e reiterada.”

Ou ben, no seu defecto, constituir un comportamento tipificado no apartado e) do mesmo artigo:

“ Os actos e condutas que atenten gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos corpos da Policía local e contra o prestixio e a consideración debidos ao concello e á Xunta de Galicia.

As sancións a impoñer en ámbolos casos, conforme ao art. 83.1, b), son as seguintes:

- 1.º) Suspensión de funcións desde cinco días ata un ano*
- 2º) Inmolización na escala por un período non superior a cinco anos.*
- 3º) Traslado a outro posto de traballo dentro da mesma localidade*

2º.- Nomear instructor das mesmas ao Inspector Principal da Policía Alberto Freire Estévez e secretario ao Inspector Emilio Rafael Herrera Oya.

3º.- A efectos da súa tramitación, ordenar a incorporación das actuacións practicadas no expediente 43377/212 .

4º- Notificar o presente Acordo ao instructor, secretario e ao funcionario de policía expedientado aos efectos legalmente previstos. Notifíquese asimismo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.”

II.- Levadas a cabo as notificacións ordenadas nos ordinales 3 e 4 da parte resolutive do Acordo de incoación, practicáronse os seguintes actos de instrución:

Solicitud de antecedentes do expedientado ao Oficial de Xestión de Recursos.

Declaración do expedientado.

Solicitud á Xefa de Seguridade de información sobre o estado de tramitación das denuncias de tráfico derivadas dos feitos obxecto do presente procedemento.

Prego de cargos

Proposta de resolución.

III.- A proposta de resolución foille notificada ao interesado do 26 de outubro de 2015 sen que se producira, no prazo legal, nin alegacións nin aportación de documentación por parte do interesado.

PROPOSTA DE RESOLUCION

Das dilixencias obrantes no expediente, especialmente do contido da declaración do Policía con núm. profesional 294097 recoñecendo parcialmente os feitos contidos no arriba citado prego de cargos, así como a súa asunción da responsabilidade das infraccións de tráfico imputadas non presentando ningunha alegación ou recurso en ningún momento daqueles procedementos, e asumindo así mesmo o pago das correspondentes sancións, considéranse probados os seguintes

FEITOS

Estacionar o seu vehículo Audi TT, matrícula 5691 BXP nunha praza de discapacitados sita na confluencia das rúas Pracer e Paseo de Granada os días 15, 20 e 21 de xaneiro de 2015, desde primeira hora da tarde até aproximadamente as 16:00 horas, momento en que de uniforme recollía o vehículo e introducía no garaxe de funcionarios do Concello de Vigo.

VALORACION XURÍDICA

Os feitos estímense constitutivos dunha falta de carácter GRAVE, tipificada no artigo 80, letra e), da Lei 4/2007, de 20 de abril, baixo o concepto de: "atentar gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos Corpos da Policía Local e contra o prestixio e consideración debidos ao Concello e á Xunta de Galicia", sendo responsable o expedientado, e considerándose procedente dadas todas as circunstancias impor a sanción de suspensión de funcións por un período de cinco días.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1330).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A MEDIA DE ARQUIVOS (O.E.P. 2010-2011). EXPTE. 27346/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 13/10/2009, procedeuse ao nomeamento de D. Benito Ramírez Abal, DNI nº 44.086.242-A e núm. de persoal 79600, como funcionario interino con cargo á praza vacante de Técnico/a Medio/a de Arquivos, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media, de acordo co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2010, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo para o ano 2010, integrada entre outras, pola seguinte

praza:Técnico/a Medio/a Arquivos (nº. de vacantes: 1. Grupo A2. Escala Administración Especial), e en sesión do día 14 de setembro de 2012 procedeuse á aprobación das bases xerais e específicas da referida convocatoria pública, desenvolvéndose o conseguinte proceso selectivo.

En data 09/10/2013 o Órgano de Selección, tendo rematado tódolos exercicios de que constaba a oposición, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local o nomeamento da aspirante que obtivo a mellor puntuación, D^a. M^a. Teresa Prieto Blasco, quen no prazo regulamentario aportou no Servizo de Recursos Humanos a documentación acreditativa de cumprir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Non obstante, con data 03/01/2014, formulouse polo referido funcionario interino recurso de alzada contra a referida proposta de nomeamento do Órgano de Selección, que foi desestimada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 07/02/2014. Contra a dita resolución, D. Benito Ramírez Abal acudiu á vía xudicial.

Polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, en sentenza nº 257, do 24/11/2014, foi desestimado o recurso núm. 109/14 P.A. interposto polo indicado funcionario interino, que foi recorrido perante a Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1^a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en recurso de apelación núm. 76/2015.

Este recurso de apelación perante o TSXG foi desestimado en sentenza núm. 410, do 23 de xuño de 2015, polo que a sentenza de instancia é firme á data de hoxe, como así se comunicou o 16/09/2015 pola Asesoría Xurídica Municipal, dando traslado ao Servizo de Recursos Humanos de copia da referida Sentenza xunto ao acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de agosto anterior, pola que esta tomou coñecemento da mesma.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22/10/2015, acordou o cese con efectos do 31/10/2015 seguinte de D. Benito Ramírez Abal nomeado interinamente con cargo a dita praza, procedéndose nesta última data ao cesamento efectivo do funcionario interino que viña ocupando, con dito carácter, a praza ofertada de Técnico/a medio de Arquivos.

Consecuencia do anterior, procede elevar proposta de nomeamento a Xunta de Goberno Local da aspirante proposta polo Órgano de Selección na súa sesión de 09 de outubro de 2013, e que superou todas as probas do proceso selectivo, D^a. MARÍA TERESA PRIETO BLASCO, con DNI nº 32.688.131-W, quen obtivo unha cualificación de 24,625 puntos.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; nos termos do previsto no Real Decreto Lexislativo 10/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo á praza vacante de técnico/a medio/a de arquivos, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación (24,625 puntos), D^a. MARÍA TERESA PRIETO BLASCO, con DNI nº 32.688.131-W, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 09/10/2013.

O presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese á interesada, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación, Negociado de seguridade social e Inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefatura do servizo ao que se adscriba a praza”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1331).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA A DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 27237/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, da mesma data, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 28 de setembro de 2015, a Directora de Ingresos, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de tres auxiliares administrativos/as, pola inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do Servizo, agravado pola recente ampliación de competencias da Área en materia de custes e a entrada en vigor da Lei 13/2015 de modificación da Lei de Catastro inmobiliario que obriga a este concello á emisión, por primeira vez, do padrón de IBI-rústica.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 03 de novembro actual, ordenou poñer en marcha con carácter urxente dun expediente administrativo de nomeamento interino de tres auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificando pola falta de medios humanos con que conta este Servizo dada a ampliación de competencias da área en materia de custes e a entrada en vigor da Lei 13/2015 de modificación da Lei de Catastro inmobiliario que obriga a este concello á emisión, por primeira vez, do padrón de IBI-rústica e, xustificada nas necesidades da Dirección de Ingresos deste Concello, nos termos da solicitude mencionada.

No que respecta ao persoal auxiliar, significar que en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral. A data de hoxe, dita lista atópase esgotada.

Así mesmo e sendo insuficiente a lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 aprobou unha Bolsa de Emprego que permita o nomeamento interino de Auxiliares Administrativos/as, derivada do proceso selectivo autorizado previamente polo mesmo órgano en data 16 de xaneiro anterior.

Seguindo estritamente a orde da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral dos aspirantes núms. 33-Rial Rey, María, 34-Serrano Vilariño, Elisabeth e, 35-Yáñez Ces, Cristina, integrantes da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante D^a. María Rial Rey foi nomeada subalterna interina por acumulación de tarefas durante os periodos comprendidos entre o 01/02/14 e o 31/07/14 e, do 02/03/15 a 01/09/15, a aspirante D^a. Elisabeth Serrano Vilariño, estivo nomeada como auxiliar interina por acumulación de tarefas dende o 10/12/2010 ata o 09/06/2011 e, D^a. Cristina Yáñez Ces non prestou servizos nesta Administración, polo que a data de hoxe as tres aspirantes propostas están en condicións de ser nomeadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira

persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer á contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se

restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requere a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Directora de Ingresos que conta coa conformidade do Concelleiro-delegado de Economía e Orzamentos. que figura no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 32.511,66€, das que 5,373,81 corresponden ao presente ano 2015 e, 27.137.- 85 ao vindeiro exercicio orzamentario e, imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades da Dirección de Ingresos, segundo a instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 03/11/2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.511,66€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. MARIA RIAL REY, DNI 36.158.936-S, D^a. ELISABET SERRANO VILARIÑO, DNI 77.411.978-G e, D^a. CRISTINA YAÑEZ CES, DNI 32.711.801-M, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscritas a Dirección de Ingresos (cód. 500).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1332).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOCE AXUDANTES DE OFICIOS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO EBEP, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 27276/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, da mesma data,

conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 7 de xullo de 2015, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, a baixa médica por accidente laboral que se prevé de longa duración dun dos vixiantes porteiros adscritos ao Servizo. Con motivo da aprobación do expediente 27016/220 pola Xunta de Goberno Local de data 25/09/2015, foron nomeados tres deles, tomando posesión en data 28/09/15, estando pendente o nomeamento dos outros doce.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 12 de novembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino dos doce axudantes de oficios por acumulación de tarefas restantes solicitados no escrito de petición, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do R.D.Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de data 28 de setembro de 2015.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o vindeiro 21 de novembro rematarán os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP "Virxe do Rocío", "Candean-Fonteoscura", "Chans-Bembrive", "Sello-Cabral", "Vicente Risco/Coutadas-Teis", "Igrexa-Candean", "San Salvador" e, "Ria de Vigo" ademais dos E.E.I. "Monte do Alba", "Monte da Guía", "Villalaura"e, "Cristo da Victoria", sendo imprescindible a súa reposición.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou

a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios, segundo informe técnico que se achega ao expediente, dos seguintes aspirantes que aceptaron expresamente o mesmo: D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, D.. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ABRAHAM SANCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M^a. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. MIGUEL VÁZQUEZ AGULLA, DNI 36.105.440-V, D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, DNI 36.124.763-C, D. DANIEL BALSEIRO RODRÍGUEZ, DNI 76.729.746-K e, D. ANGEL ABALDE COSTA, DNI 36.057.096-L, que aceptaron expresamente o mesmo, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os once aspirantes propostos levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino como axudantes de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25801/220 e, 25600/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 07/11/14 e 12/09/14, rematando os mesmos en datas 11/05/15 e 14/03/15, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 12/11/15 e 14/03/15 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras, foron requeridos/as os/as doce aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, que se corresponden cos aspirantes nºs 14-D^a. Comesaña Fernández, Isabel, DNI 53.185.485-D, 17-Comesaña Araujo, Manuel, 19-Otero Correa, José M^a., DNI 33.810.572-C, 21-Sánchez Franco, Abraham, DNI 53.183.875-D, 22-Caride González, Borja, DNI 39.459.449-

M, 23-Fouz Ares, M^a. Jesús, DNI 33.538.869-Q, 24-Alonso Vidal, Tomás, DNI 36.064.038-S, 25-Castro Duarte, Alfredo Bautista, DNI 35.306.019-F, 26-Vázquez Agulla, Miguel, DNI 36.105.440-V, 34-Díaz Alvarez, Pablo, DNI 36.124.763-C, 60-Balseiro Rodríguez, Daniel, DNI 76.729.746-K e, 61-Abalde Costa, Angel, DNI 36.057.096-L, os/as cales manifestaron a través de escritos de data 16/11/2015 optar aos referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) do R.D.Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas*

a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesorería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.n) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de da ta 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Servizo de Educación anexado ao expediente.

Os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de doce axudantes de oficios para o Servizo de Educación, supón un gasto de 127.224,84€. (desta cantidade 20.916,24€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 106.308,60€ ao vindeiro exercicio 2016) ao que haberá que engadirse a cantidade de 47.187,06 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de Oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 07 de xullo de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 127.224,84€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses a, D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, D. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ABRAHAM SANCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M^a. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. MIGUEL VÁZQUEZ AGULLA, DNI 36.105.440-V, D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, DNI 36.124.763-C, D. DANIEL BALSEIRO RODRÍGUEZ, DNI 76.729.746-K e, D. ANGEL ABALDE COSTA, DNI 36.057.096-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscrito ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do citado real decreto lexislativo, modificado pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- *A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso será obrigatoria a dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario”.*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1333).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÓUS/DÚAS SUBALTERNOS/AS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO EBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 27305/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 20.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 11 de novembro de 2015, a Xefa de Subalternos, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 17 de novembro pasado, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de dous/dúas subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 11 de novembro pasado.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de

Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Publico -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternos/as das aspirantes que figura nas posicións núms. 12-Dª. ANA BELÉN VIEIRA PARADA, DNI 36.134.353-L e, 14-ROCÍO OJEA GONZÁLEZ, DNI 76.914.415-T, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8 9 e 11 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 26916/220 e 25765/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos núms. 3 e 10 ocupan as últimas posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada. A aspirante que figura na posición 13 atópase en situación de servizo activo prestando servizos na actualidade como auxiliar administrativa no Servizo de Benestar Social, expte. 26504/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29/04/2015.

En consecuencia, consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que corresponde o nomeamento das aspirantes núms. 12 e 14 propostas, tendo en conta que as mesmas levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da lei do EBEP, como subalternas, exptes. 25320/220 e 25782/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 20/06/14 e 07/11/14, rematando os mesmos en datas 22/12/2014 e 09/05/15, polo que dende o 23/06/15 e 10/11/15, xa están en condicións de ser novamente nomeadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, (na actualidade R.D. Legislativo 5/2015), efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP, na actualidade RD Legislativo 5/2015. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-ordenanza/porteiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) *A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local,

na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose como servizo público esencial, informándose en consecuencia favorablemente os devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Conserxería de data 11 de novembro pasado, que obra no expediente.

O importe do custe dos referidos nomeamentos interinos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas subalternos/as para o Servizo de Conserxería, supón un gasto de 20.683,40€ (desta cantidade 3.418,70€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 17.264,70€ ao vindeiro exercicio 2016) ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.864,51 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas e, imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de 11 de novembro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 20.683,40€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. ANA BELÉN VIEIRA PARADA, DNI 36.134.353-L e, D^a. ROCÍO OJEA GONZÁLEZ, DNI 76.914.415-T, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritas ao Servizo de Conserxería (cód. 201), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose

aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas desenvolverase de luns a sábado, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1334).- PRÓRROGA DO PROGRAMA TEMPORAL “DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS: XESTIÓN DOCUMENTAL, IMPLANTACIÓN DO ENTORNO DE TRABALLO VIRTUAL-E, ADAPTACIÓN AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE” POR UN PRAZO DE SEIS MESES E CONSEGUENTE PRÓRROGA DO NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 27284/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 19.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de xuño de 2013, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Modificar puntualmente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2011 respecto dos límites á creación de emprego público, reposición de efectivos, cobertura de prazas vacantes e recurso a efectivos de carácter temporal (funcionarios/as interinos/as e/ou persoal laboral), nos termos da motivación contida no escrito do servizo de data 06/02/2013 e coa finalidade de inclusión expresa da actividade de informática e novas tecnoloxías, desenvolvida polo Servizo de Administración Electrónica, no apartado 2 do referido acordo, considerándose este como actividade esencial dentro dos servizos públicos que prestan os concellos, a maiores dos recollidos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Segundo.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun funcionario interino por execución do programa de carácter temporal “Desenvolvemento dos proxectos –Xestión Documental-, -Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade-, cunha carga de traballo de 4.950 horas (264 días x

7,50 horas x 2,5 anos)”, como programador/a de informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de TRINTA MESES (03/06/2013 a 02/12/2015), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no escrito de data 07 de marzo de 2013.

Terceiro.- En execución do contido do apartado segundo anterior, nomear funcionario interino ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración máxima ata o 31/12/2013, nos termos da duración máxima de 30 meses prevista, como programador de informática, á D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selectivo da oposición na última convocatoria para a provisión dunha praza de Técnico/a de Sistemas (expte. 22754/220), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, segundo petición do servizo formulada en escrito do 07/03/2013, así como de acordo co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, dispoñendo a finalización da relación de servizo, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei e da data límite establecida anteriormente, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado, será deixado sen efecto o nomeamento citado mediante o correspondente acto administrativo, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e normativa de concordante aplicación, así como co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Cuarto.- Autoriza-lo gasto por importe de 17.722,60€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-(outras modalidades) para facer fronte ao referido nomeamento”.

En execución do referido acordo, foi nomeado Programador Informático interino por execución do programa de carácter temporal “Desenvolvemento dos proxectos – Xestión Documental, Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade- por un período máximo de TRINTA MESES, (de conformidade co disposto no Art. 10.1cd) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público), D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, proposto polo órgano de selección, unha vez acreditados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, tomando posesión con data 17 de xuño de 2013, estando previsto o remate do mesmo o vindeiro 01/12/2015.

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, en escrito de data 9 de novembro de 2015, solicita a prórroga por un período máximo de seis meses, do referido programa de carácter temporal “Desenvolvemento dos proxectos –Xestión Documental-, -Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade-, cunha carga de traballo de 4.950 horas (264 días x 7,50 horas x 2,5 anos)”, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño de 2013 e cunha duración máxima prevista de dous anos e seis meses e, a conseguinte prórroga por igual período do traballador nomeado.

No referido escrito que se reproduce a continuación, indícase o seguinte:

“Con data 14 de Xuño de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou o nomeamento de Don Laureano Guarín Díez con DNI 36.081.906N como funcionario interino para a execución de unha serie de proxectos con unha duración máxima de 30 meses. Os proxectos a desenvolver foron: Implantación do Xestor Documental, Adaptación o Esquema Nacional de Seguridade e despregue e configuración de nova arquitectura de servizos virtuais Xen.

Durante o desenvolvemento do proxecto xurdiron unha serie de atrancos, e modificacións que a continuación se enumeran:

- Implantación do Xestor Documental: A próxima entrada en vigor da lei 39/2015 de 2 de outubro de procedemento administrativo plánteo, entre outros obxectivos, a obrigatoriedade de proceder a dixitalización de toda a documentación administrativa así como a implantación de un arquivo dixital único. Para poder cumprir coas premisas establecidas en dita Lei, é imprescindible a modificación do alcance do proxecto inicial (implantación do xestor documental corporativo) facendo necesaria a adaptación do mesmo para poder integrarse co xestor de expedientes corporativo así como co sistema de almacenamento CAS (Centera) que prové as garantías técnicas que aseguren a non alterabilidade da información almacenada en formato dixital.
- Esquema Nacional de Seguridade: O proceso de elaboración do documento de seguridade previsto na lei 3/2010 que regula o esquema nacional de seguridade (ENS) prevé a elaboración de un Plan de Adecuación, de obrigado cumprimento, precedido de unha fase de análise de riscos. Dita fase de análise está en fase de finalización polo que comeza a tarefa final de elaboración, que abrangue a elaboración do documento que detalla o Plan de Adecuación para a súa posterior aprobación en Xunta de Goberno Local.
- Configuración de nova arquitectura de servizos virtuais Xen: O despregue da nova plataforma de servizos Xen afecta a dúas infraestruturas. Por unha banda implica a migración dos equipos de sobremesa, virtualizados, e por outra as aplicacións centralizadas que se despregan mediante Citrix entre as que están: Recadación municipal, Contabilidade municipal, Xestión do padrón municipal, Ofimática Microsoft Office, e diversas aplicacións e programas para entorno Windows que deben executarse en equipos con sistemas operativos Linux. Debido ó atraso acumulado por parte da empresa propietaria do software (Recadación e contabilidade) non foi posible até o mes de outubro poñer en funcionamento na nova plataforma o software que dá soporte a recadación e contabilidade municipal impedindo, este atraso, a migración do resto de aplicacións.

A carga de traballo estimado inicialmente, en horas-home dos proxectos a implantar estimouse en 4950 (264 días * 7 horas 30 minutos * 2 anos e 6 meses). O detalle en función das actividades era:

Descrición tarefa	% Sobre o total	Carga h/Home	traballo
Xestión Documental	40	1980	
Esquema Nacional de Seguridade	20	990	
Entorno de traballo virtual	40	1980	

PROPOSTA:

Debido as incidencias, antes descritas, e co fin de poder cumprir cos obxectivos iniciais do proxecto comeza a ampliar a dotación en 990 horas-home (6 meses un home) de acordo co seguinte detalle

Descrición tarefa	% Sobre o total	Carga h/Home	traballo
-------------------	-----------------	--------------	----------

Xestión Documental	70	693
Esquema Nacional de Seguridade	15	148,5
Entorno de traballo virtual	415	148,5

Proponse, por tanto, a ampliación do programa, aprobado pola Xunta de Goberno Local, estendendo o nomeamento como funcionario interino de Don Laureano Guarín Díez con DNI 36.081.906N ate o limite máximo legalmente establecido por un período adicional de 6 meses para poder finalizar a execución dos proxectos enumerados”.

En base ao anterior, polo concelleiro-delegado autorizouse, tanto a ampliación do programa como a prórroga do referido nomeamento interino, aos efectos de dar continuidade ao expediente anterior, que foi materializado coa aprobación pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14 de xuño de 2013, ordenándose ao Servizo de Recursos Humanos o inicio do expediente administrativo que permita dar continuidade por un período máximo de seis meses ao nomeamento de D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, como funcionario interino por execución do programa “Desenvolvemento dos proxectos –Xestión Documental-, -Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade-, segundo disposto no art. 10.1.c) do R.D.Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público), a maior brevidade posible. O referido funcionario interino, a través de escrito de 16 de novembro pasado aceptou a posibilidade de formalizar a referida prórroga.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 98-Programador informática da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado

programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas". A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que o citado candidato superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en en propiedade de Técnico de Sistemas na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

"O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose este Servizo de carácter interno ou central, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno do propio Concello.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 09 de novembro pasado, que obra no expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 15.343,26€ (desta cantidade 2.557,21€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 12.786,05€ ao vindeiro exercicio 2016), ao que haberá que engadirse a cantidade de 4.663,71€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia na ampliación do programa de carácter temporal “Desenvolvemento dos proxectos –Xestión Documental-, -Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade”, por unha duración de 6 meses ata alcanzar un total de tres anos e, da prórroga do nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal antes citado, como Programador de Informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de

servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no escrito de 09 de novembro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 15.343,26€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte a referida prórroga de nomeamento.

Segundo.- Prorrogar o nomeamento formalizado en data 17/06/2013 por un período de 30 meses, como funcionario interino por execución de programa de carácter temporal, por un período máximo de SEIS MESES, a D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando o mesmo cando transcorran os seis meses dende a data do remate do programa inicial, nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 98, programador de informática, permanecendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica (cód. 113), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Terceiro.- Dispoñer a finalización da relación de servizo, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e da data límite establecida anteriormente (01/06/2016), no suposto no que o programa deixe de ser prestado, e como consecuencia será deixado sen efecto o nomeamento e a referida prórroga mediante o correspondente acto administrativo, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.3 do referido Real Decreto Lexislativo, así como co disposto no artigo 10.1.c) do mesmo.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1335).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO 2015. EXPTE. 27272/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 16.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 5/11/2015, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite relación do persoal

que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Outubro 2015, así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.

Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada".

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 05/11/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Outubro de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites

temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuír os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacions”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Setembro de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1.105,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	552'70 €
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.105,40 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1336).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 27273/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 16.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 5/11/2015, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Outubro de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 05/11/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de

desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros

aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Produtividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de outubro-2015 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 1.142,96 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en

Dereito.

Anexo

CONCELLO DE VIGO		CEMITERIOS 255	MES DE SETEMBRO		ANO 2015
Nº Per-soal	Apelidos e nome		Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús		3,64	20	72,80 €
78372	Alvarez Lago, Jesús		3,64	23	83,72 €
13600	Cabaleiro González, José		3,64	22	80,08 €
77225	Cid González, Alberto		3,64	23	83,72 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor		3,64	23	83,72 €
78122	Costas Riveiro, Rafael		3,64	21	76,44 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción		3,64	21	76,44 €
82747	Curras Villar, Manuel		3,64	15	54,60 €
78924	González Seijo, Antonio		3,64	22	80,08 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique		3,64	22	80,08 €
76563	Pereira Fona, Juan José		3,64	18	65,52 €
76430	Rodríguez López, Adolfo		3,64	21	76,44 €
82215	Rodríguez Torres, Javier		3,64	23	83,72 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio		3,64	20	72,80 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro		3,64	20	72,80 €
			Importe total	314 días	1.142,96 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1337).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE Á BRIGADA DE PAVIMENTACIÓN DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 27274/220.

Visto o informe de fiscalización do 24.11.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 16.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, en data 6/11/2015, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Outubro de 2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos

sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 345,96 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	11,16 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	94,86 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	94,86 €
77650	Fernández Riveiro, Javier	66,96 €
16142	Martins Fernández, Juan A.	78,12 €
TOTAIS		345,96 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1338).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A PERSOAL DOS SERVIZOS ENERXÉTICOS POR LIMPEZA ESPECIAL DE FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS. EXPTE. 27265/220.

Visto o informe de fiscalización do 23.11.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 16.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Remítese a este Servizo de Recursos Humanos Documento nº 150135684 "Complemento de produtividade ao persoal do servizo de Electromecánicos que participa nas tarefas de limpeza das fontes públicas ornamentais do Concello de Vigo, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2015.

Relaciónase aos funcionarios don Juan Davila Pérez (nº persoal 14491-DNI 35988970) e don Francisco Javier Bea Puentes (nº persoal 79136 DNI 36119786), ambos adscritos ao Servizo 444 "Electromecánicos".

Achéganse relacións dos días traballados, lugar de traballo e identificación da fontes/s pública así como o tempo adicado a ditas funcións.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas

relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente inclúense informe de petición de aboamento de complemento de produtividade polo desempeño das funcións correspondentes as funcións encomendadas, conformado polo concelleiro da Área así como relación dos días traballados realizando as funcións de limpeza especial de fontes públicas, lugar e identificación das fontes públicas e duración da mesma.

Nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, no seu apartado TERCEIRO n) contempla o aboamento, con carácter transitorio en tanto non sexa decidido outro sistema de xestión polo Goberno Municipal, dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, supeditado en todo caso o informe do responsable do servizo, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos polas seguintes cuantías:

Responsable da brigada : 351,05 € trimestrais

Persoal de oficios : 280,84 € trimestrais

O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

Tendo en conta os importes trimestrais que figuran nas vixentes instrucións de plantilla e tendo en conta que os empregados relacionados non disfrutaron de vacacións ni permisos por asuntos propios nin estiveron de baixa por I.T no 3º trimestre do ano 2015, segundo os datos que figuran

neste servizo, correspondería o aboamento das cantidades seguintes:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	351,05 €
79136	Francisco J Bea Puentes	280,84 €

Considerando a motivación exposta, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

– Recoñecer aos empregados municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, don Juan Davila Pérez, con nº de persoal 14491 e don Francisco Javier Bea Puentes, con nº de persoal 79136, as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 3º trimestre do ano 2015.

Nº Persoal	Nome	Cantidad
14491	Juan Davila Perez	351,05 €
79136	Francisco J Bea Puentes	280,84 €
TOTAL		631,89 €

– Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 631,89 € en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J. Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 3º trimestre do ano 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1339).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 27302/220.

Visto o informe de fiscalización do 23.11.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 18.11.15, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Outubro-2015 (Inclue horas do mes de abril), todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que

aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Outubro	149,00	598,98 €	39,00	106,08 €	705,06 €
Policía Local	Outubro	13423,15	53.961,06 €	10000,82	27.202,23 €	81.163,29 €
Cemiterios	Outubro	739,5	2.972,79 €	0,00	0,00 €	2.972,79 €
Extinción de Incendios	Outubro	1662,00	6.681,24 €	599,00	1.629,28 €	8.310,52 €
Parque Móbil	Outubro	24,00	96,48 €	44,00	119,68 €	216,16 €
Turismo	Outubro	112,00	450,24 €	0,00	0,00 €	450,24 €
Parque Central	Outubro	240,00	964,80 €	279,00	758,88 €	1.723,68 €
Museo	Outubro	29,00	116,58 €	0,00	0,00 €	116,58 €
Bibliotecas	Outubro	16,00	64,32 €	0,00	0,00 €	64,32 €
Secretaria	Abril	7,00	28,14 €	0,00	0,00 €	28,14 €
TOTAL		16.394,65	65.934,63	10.961,82	29.816,15	95.750,78 €

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Policía Local, Cemiterios, Extinción de Incendios, Parque Móbil, Turismo, Parque Central, Museo, Bibliotecas e Secretaria Xeral.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área, de data 06/11/2015.

Parque Móbil.- en informes de data 05/11/2015, o xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo de data 09/11/2015, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Parque Central.- en informes de data 05/11/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, detalle sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Museo.- en informe do director do Museo de data 12/11/2015, conformado polo xefe de Museos e concelleiro-delegado de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realiza o servizo.

Bibliotecas.- informe de horas realizadas polo persoal da Biblioteca, por horario de apertura en sábados, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas de data 28/10/2015, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Outubro	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	598,98 €	106,08 €	705,06 €
Policía Local	Outubro	De Abalde Casanova, Jesús Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	53.961,06 €	27.202,23 €	81.163,29 €
Cemiterios	Outubro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.972,79 €	0,00 €	2.972,79 €
Extinción de Incendios	Outubro	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Gutierrez, Alberto	6.681,24 €	1.629,28 €	8.310,52 €
Parque Móbil	Outubro	De Falque Fontan, Eugenio a Riveiro Rodríguez, José	96,48 €	119,68 €	216,16 €
Turismo	Outubro	De Barreiro Fidalgo, Natalia a García Oliveira, Mª José	450,24 €	0,00 €	450,24 €
Parque Central	Outubro	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leiros, Alfonso	964,80 €	758,88 €	1.723,68 €
Museo	Outubro	De Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	116,58 €	0,00 €	116,58 €
Bibliotecas	Outubro	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruíz de Ocenda, Josefa	64,32 €	0,00 €	64,32 €
Secretaría	Abril	De Campos Vivas, Laura	28,14 €	0,00 €	28,14 €
TOTAL			65.934,63	29.816,15	95.750,78 €

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 95.750,78 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1340).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE DNA. MARTA RIOBÓ IBÁÑEZ. EXPTE. 27259/220.

Dáse conta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 13.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

En data 09/11/2015 o Concelleiro Delegado de xestión Municipal e Persoal, a vista da necesidade de realización das tarefas de coordinación entre o Servizo de Tenencia de Alcaldía e o Servizo de Patrimonio, orde a polo Servizo de Recursos Humanos se realicen os tramites administrativos necesarios para encomendar a D^a Marta Riobo Ibañez, adscrita ao posto 302 – Xefe/a servizo das Areas de Tenencia de Alcaldía, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo e dentro da súa xornada laboral, as funcións de coordinación e seguimento da actividade administrativa dos expedientes dos servizos citados, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba p Text refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre

que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria municipal Dna. Marta Riobó Ibáñez (nº persoal: 76267), xefa do servizo de Tenencia de Alcaldía, ademais das propias dos Servizos dependentes das Tenencias de Alcaldía, as funcións correspondentes á xestión, tramitación, seguimento e control da actividade administrativa dos expedientes do Servizo de Patrimonio, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área, dentro da súa xornada habitual de traballo.

Segundo.- A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2015.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 18.11.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) REASIGNACIÓN COMO CONSECUENCIA DA ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DO EMPREGADO MUNICIPAL DE D. ÓSCAR SEVILLA VALCÁRCEL AO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 26596/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e

Persoal, do 18.11.15, que di o seguinte:

Visto o informe emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 13/11/2015, e en cumprimento do acordo do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, adoptado na súa sesión de 14 de outubro de 2015, sobre traslado por adaptación de posto do empregado municipal D. Oscar Sevilla Valcarcel;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar como consecuencia da adaptación de posto de traballo, ó empregado municipal D. Oscar Sevilla Valcarcel, con nº de persoal 81654, axudante de oficios destinado no Servizo de Limpeza, ó Servizo de Educación, onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 252.16, código retributivo 147, dotación 40) ao Servizo indicado (código 332) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de axudante de oficios existente no Servizo de Limpeza, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 147) ó Servizo de Educación (código 332) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Tercero.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Xefatura dos Servizos de Limpeza e Educación, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización e inspección de persoal) aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) LIQUIDACIÓN DE INTERESES NO CUMPRIMENTO DE MANDATOS XUDICIAIS: NA EXECUCIÓN 341/2014 (DNA. ROSA M^a MOLINOS CAMPOS); EXECUCIÓN DA SENTENZA N^o 88/2015 (D. ENRIQUE ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ). EXECUCIÓN DA SENTENZA N^o 73/2015 (D. EDELMIRO GARRIDO LAGE). EXPTE. 27349/220.

C.1) Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 17.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza n^o 73/2015, de 13 de marzo de 2015, dictada no procedemento abreviado 55/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n^o 2 de Vigo, interposto por D. Delmiro Garrido Lage, en reclamación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo presentado por D. Delmiro Garrido Lage en reclamación del abono al actor de un incentivo de acción social por jubilación anticipada, y declaro el derecho del actor a percibir el incentivo por jubilación anticipada en la cuantía de 4.808,10 euros, condenando al Concello de Vigo a su abono.”

3.- Con data 14/04/15 comunícase a este Servizo oficio remitido pola Asesoría Xurídica á Alcaldía dando conta da firmeza de dita sentenza e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, polo que procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus

dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

IV. Efectuado RC pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 4.808,10 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 73/2015, de 13 de marzo de 2015, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 55/2015, interposto por D. Delmiro Garrido Lage, DNI 35989202-K, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 4.086,89 € (4.808,10 € principal, menos a retención de IRPF 15% 721,21 €) con cargo ao RC 73481 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES8001826622540201574377.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse ao Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 18.11.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

C.2)Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 17.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal comunícase a este Servizo de Recursos Humanos sentenza nº 88/2015, de 18 de febreiro de 2015, dictada no procedemento abreviado 505/2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Enrique Antonio Fernández Fernández, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Enrique-Antonio Fernández Fernández frente al Concello de Vigo, seguido comp proceso abreviado número 505/2014 ante este Juzgado; en consecuencia, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por silencio administrativo positivo, el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 9.015,18 euros, contendio en la petición dirigida al Concello en fecha 14.07.2014; en consecuencia, condeno a la Administración municipal demandada a ejecutar ese acto admi-

nistrativo firme mediante el pago de la meritada suma dineraria, más los intereses legales desde esa fecha.”

3.- Con data 13/04/15 comunícase a este Servizo oficio remitido pola Asesoría Xurídica á Alcaldía dando conta da firmeza de dita sentenza e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, polo que procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

4.- Efectuados os cálculos correspondentes aos intereses corresponderíalle 678,61 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo vulgado residenciada con carácter exclusivo nos vulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

IV. Efectuado RC pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 22101610400 por importe de 9.693,79 € e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 88/2015, de 18 de febreiro de 2015, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 505/2014, interposto por D. Enrique A. Fernández Fernández, DNI 36003976-Y, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 8.341,51 € (9.015,18 € principal, menos a retención de IRPF 15% 1.352,28 máis 678,61 € de intereses) con cargo ao RC 73482 da aplicación orzamentaria 22101610400, que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES0320805000673002885455.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse ao Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 18.11.15, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

C.3) Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 19.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 6 de outubro de 2015, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 341/2014, sendo demandante D^a Rosa M^a Molinos Campos en relación co procedemento 102/2011 en materia de cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 1.796,85 €.

Dita execución 341/2014 correspondense ao procedemento 102/2011 relativo a demanda de cantidades de D^a Rosa M^a Molinos Campos contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2015.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

